Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis  
Sobre a valoración polo Goberno galego do inicio da segunda fase de Rozas

- 25133 - 13160 (10/PRE-005523)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis  
Sobre a valoración polo Goberno galego do inicio do Programa de unidades mixtas de investigación

- 25132 - 13162 (10/PRE-005524)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis  
Sobre a valoración polo Goberno galego da posta en marcha da Estratexia RIS3

- 24870 - 13209 (10/PRE-005535)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre o tratamento dos presos afectados con hepatite C

- 24869 - 13212 (10/PRE-005536)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre o proxecto de relocalización dos servizos do Hospital Gil Casares

- 24868 - 13214 (10/PRE-005537)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre o mantemento dos capeláns no Servizo Galego de Saúde

- 24867 - 13216 (10/PRE-005538)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva e 2 máis  
Sobre a execución do proxecto e obra do novo Centro de Saúde do Vinteún, en Ourense

- 24865 - 13218 (10/PRE-005539)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva e 2 máis  
Sobre a execución do proxecto e obra do novo Centro de Saúde de Ribadavia

- 24905 - 13221 (10/PRE-005540)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre o tratamento da hepatite C

- 24904 - 13223 (10/PRE-005541)  
Grupo Parlamentario de En Marea



Solla Fernández, Eva e 4 máis

Sobre a execución do proxecto e obra do novo Centro de Saúde da illa de Arousa

- 24903 - 13228 (10/PRE-005542)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 13 máis

Sobre a convocatoria dunha OPE para as prazas do Sergas actualmente cubertas con persoal interino

- 24955 - 13366 (10/PRE-005562)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a conveniencia, por razóns económicas, de trasladar as persoas maiores e dependentes de Rianxo a centros de día en vilas da contorna

- 25677 - 13564 (10/PRE-005578)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as dificultades de acceso e atención no sistema sanitario que teñen as persoas xordas

- 24776 - 13599 (10/PRE-005582)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a presenza da lingua galega no total dos informativos da CRTVE e que esta impulse os investimentos en materia de produción audiovisual en galego

- 25485 - 13735 (10/PRE-005593)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia do estado de conservación e coidado da enseada dos Pasales

- 24774 - 13835 (10/PRE-005608)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre os motivos do Goberno galego para non seguir celebrando xuntanzas periódicas coas organizacións sindicais para alcanzar novos acordos retributivos para o Sergas

- 24773 - 13841 (10/PRE-005611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a situación actual da Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil da área sanitaria da Coruña

- 24824 - 13865 (10/PRE-005623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre a desigualdade entre mulleres e homes na diagnose e tratamento dos problemas de saúde

- 24863 - 13867 (10/PRE-005624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o potencial padecemento, por parte das mulleres cuidadoras de persoas dependentes, da síndrome do traballador queimado, ou *burnout*

- 24823 - 13875 (10/PRE-005628)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o custo que ten para a persoa usuaria o servizo de asistencia sanitaria telefónica

- 24822 - 13881 (10/PRE-005631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a paralización da realización de retinografías aos pacientes da contorna de Carballo por causa de non substituír o profesional de atención primaria que viña realizando a proba

- 24821 - 13883 (10/PRE-005632)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre o nivel de cumprimento dos tratamentos da hepatite C en reclusos nos centros penitenciarios de Galicia

- 24820 - 13892 (10/PRE-005636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a garantía do mesmo nivel de atención sanitaria en Galicia durante o verán que o resto do ano

- 24819 - 13894 (10/PRE-005637)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a existencia dunha estratexia definida para mellorar o tratamento integral da fibromialxia

- 24861 - 13900 (10/PRE-005640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre se a mellora do sistema sanitario público podería contribuír a evitar que os pacientes acudan aos practicantes de técnicas non científicas

- 24860 - 13904 (10/PRE-005642)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as consecuencias do problema da falta de persoal no Sergas

- 24848 - 13933 (10/PRE-005656)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno do feito de que non se oferte no Sergas a «antimulleriana», unha proba que mide a cantidade e calidade dos ovocitos das mulleres, co que se facilitaría a súa planificación da maternidade e evitaría situacións de infertilidade prematura

- 24859 - 13946 (10/PRE-005662)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a posibilidade de implementar un servizo permanente de atención por médico titulado, durante os meses de verán, na illa de Ons

- 24858 - 13962 (10/PRE-005670)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o aumento dos servizos do Hospital de Monforte a curto e medio prazo

- 25115 - 14016 (10/PRE-005690)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a intención da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de facer compatible a conservación do parque nacional e dos parques naturais de Galicia co seu desfrute

- 25027 - 14024 (10/PRE-005694)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as reivindicacións da Asociación Galega de Vítimas do Amianto en relación coa necesidade de reparar os danos producidos pola exposición ao amianto nos lugares de traballo

- 25113 - 14033 (10/PRE-005698)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre os medios previstos para detectar casos de mutilación xenital feminina na comunidade autónoma de Galicia

- 25112 - 14041 (10/PRE-005701)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o cumprimento en Galicia da Directiva 2008/50/CE sobre a calidade do aire ambiente e unha atmosfera máis limpa en Europa

- 25110 - 14053 (10/PRE-005707)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o peche do Centro de Saúde de Soutelo de Montes, no concello de Forcarei

- 25370 - 14099 (10/PRE-005729)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posibilidade de prohibir o uso de microplásticos en produtos de uso humano e a súa substitución por alternativas naturais non contaminantes

- 25672 - 14151 (10/PRE-005742)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a previsión de publicación do Decreto de desenvolvemento regulamentario da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia

- 24772 - 14156 (10/PRE-005745)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para dar atención ás persoas adultas que sufriron abusos sexuais cando eran menores de idade

- 24902 - 14160 (10/PRE-005747)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a xestión da Casa da Xuventude de Ourense

- 24900 - 14162 (10/PRE-005748)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa implementación do Plan de acollida para persoas refuxiadas na nosa Comunidade Autónoma

- 24770 - 14175 (10/PRE-005755)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a necesidade de reformar a lexislación estatal relativa ás familias numerosas para que as familias monoparentais con dous fillos sexan consideradas familias numerosas

- 24818 - 14203 (10/PRE-005770)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o modo en que ten previsto o Goberno galego erradicar o chabolismo na comunidade autónoma de Galicia

- 24817 - 14204 (10/PRE-005771)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para garantir a efectiva igualdade de oportunidades da poboación xitana

- 24769 - 14205 (10/PRE-005772)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o modo en que ten previsto o Goberno galego erradicar a infravivenda na nosa comunidade

- 24768 - 14216 (10/PRE-005778)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a previsión do Goberno galego de habilitar algún mecanismo para que non se impida percibir a Risga no caso de compartir domicilio con outra persoa perceptora que non pertenza á mesma unidade familiar

- 24766 - 14218 (10/PRE-005779)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de mulleres afectadas polos cambios na regulación do convenio especial no Sistema da Seguridade Social das coidadoras non profesionais das persoas en situación de dependencia

- 25109 - 14224 (10/PRE-005782)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a posibilidade de emitir, por parte dos servizos de saúde, unha tarxeta sanitaria persoal para as persoas menores de idade afectadas por discapacidades recoñecidas ou enfermidades graves ou raras, coa finalidade de evitalles calquera copago sanitario

- 24899 - 14226 (10/PRE-005783)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a problemática laboral dos técnicos de atención a persoas en situación de dependencia (TAPSD)

- 25108 - 14244 (10/PRE-005792)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a xestión da apertura do Centro de Saúde do Couto (Ourense)

- 25107 - 14266 (10/PRE-005805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o modo no que ten previsto a Xunta de Galicia reducir a lista de espera no Servizo de Cirurxía Pediátrica do CHUOU

- 24897 - 14382 (10/PRE-005835)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do procedemento seguido pola Xunta de Galicia para introducir as modificacións que presenta o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

- 25532 - 14509 (10/PRE-005849)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do transporte regular de viaxeiros do concello de Moaña

- 24896 - 14912 (10/PRE-005872)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á garantía dunha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo en todos os centros do Sergas e os dereitos sexuais e reprodutivos da mulleres do medio rural

- 25026 - 15184 (10/PRE-005903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación co proceso de deslocalización que se está a producir nas empresas do sector da automoción en Galicia

- 25486 - 15199 (10/PRE-005906)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da convocatoria dunha mesa para a elaboración do novo plan de transporte de Galicia que conte coa participación dos concellos, das deputacións, das ANPA, das empresas e dos sindicatos

- 25446 - 15383 (10/PRE-005918)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns de Portos de Galicia para demorar a execución dos convenios asinados co Concello de Poio para o acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó

- 25024 - 15566 (10/PRE-005940)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Vázquez Verao, Paula

Sobre a solución prevista pola Xunta de Galicia ante a falta de recoñecemento profesional da titulación de técnico de atención a persoas en situación de dependencia

- 24895 - 15568 (10/PRE-005942)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da xestión levada a cabo pola Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol en relación co servizo de limpeza dos centros hospitalarios

- 25119 - 15699 (10/PRE-005948)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para o inicio dos trámites para a construción do Centro de Alta Resolución de Lalín

- 24894 - 15836 (10/PRE-005950)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos humanos e económicos necesarios para o desenvolvemento do Plan galego de prevención de suicidios

- 25196 - 15857 (10/PRE-005951)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do proceso de apertura ao público da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 24893 - 16070 (10/PRE-005958)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da consignación no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 dos recursos necesarios para a construción do novo centro de saúde de Aldán-O Hío, no concello de Cangas, así como da execución das obras

- 24892 - 16085 (10/PRE-005959)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Sergas respecto do fomento da formación dos profesionais en materia de detección e tratamento do linfedema, así como da actualización dos protocolos existentes

- 25530 - 16130 (10/PRE-005963)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver a situación dos quince traballadores da anterior concesionaria da liña de autobús entre Ribadeo e Viveiro que deberían ser subrogados pola nova adxudicataria

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 13061**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación a resolver os problemas de saneamento existentes no concello de Barreiros, incluíndo nos orzamentos de 2018 as partidas necesarias para a construción dunha EDAR”, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Dentro das súas competencias e, concretamente, en relación co saneamento de Barreiros, Augas de Galicia asinou o contrato para a redacción do proxecto construtivo para a fase 1 de mellora e ampliación das infraestruturas de saneamento e abastecemento en Barreiros. Como resultado deste contrato, redactouse o proxecto, que en abril de 2017 obtivo informe de supervisión favorable de Augas de Galicia.

Actualmente, seguese a traballar co concello, que é o que ten as competencias e coñece as posibles deficiencias do sistema, para analizar as actuacións que se consideren prioritarias. Para isto, estase tramitando a redacción do proxecto construtivo denominado ‘Nova EDAR de San Miguel de Reinante’.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:09:15



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 13566**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “ **as actuacións da Xunta de Galicia para mellorar a adaptación do sistema sanitario ás necesidades das persoas xordas**”, (publicada no BOPG número 168 do 4 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade segue a traballar nas medidas necesarias para facilitar o acceso ao sistema sanitario e mellorar a atención de todas as persoas.

Pola súa banda, a Consellería de Política Social ten previsto nos seus orzamentos do 2018 un convenio nominativo por un importe de 759.826,00 € coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (en adiante FAXPG).

Este convenio ten por obxecto como en anos anteriores contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social do mantemento de FAXPG e das actividades e servizos que desenvolve. Entre os servizos que realiza esta federación encontrase:

1.- O Servizo de Atención a Persoas Xordas, Xordocegas e con Discapacidade Auditiva (SAPS) ten como finalidade mellorar o desenvolvemento e a autonomía persoal das persoas xordas e xordocegas.

2.- O Servizo de Intérpretes de Lingua de Signos Española e Guías- Intérpretes (SILSE-GI) ten como finalidade mellorar as condicións de participación e igualdade de oportunidades das persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva, a través da eliminación de barreiras de comunicación permitindo a comunicación entre estas e as persoas oíntes, no desenvolvemento das actividades da vida diaria.

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) contratará a Intérpretes de Lingua de Signos para atender as demandas de comunicación das persoas xordas,

xordocegas e con discapacidade auditiva de toda Galicia, favorecendo a súa independencia na realización de xestións persoais.

A FAXPG prestará servizos de intérpretes de proximidade con intérpretes de lingua de signos, lideradas por unha coordinación de área, nas axencias FAXPG distribuídas polo territorio galego, que atenderán as demandas dos usuarios/as en colaboración coas asociacións afiliadas á FAXPG.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 10:25:58



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 13586**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o motivo de que non estea dispoñible no Portal das Fragas do Eume información sobre a “compostelana” dos parques naturais e a inclusión na páxina web da Consellería de Medio Ambiente de información sobre os servizos do Portal das Fragas do Eume”**, (publicada no BOPG número 168 do 4 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, mantivo unha reunión co alcalde da Capela o pasado 19 de decembro de 2017. No encontro, acordouse abrir ao público a terceira entrada ao Parque Natural das Fragas do Eume, situada no concello da Capela. Neste centro darase información ao visitante e tamén se poderán selar os pasaportes da Rede de Parques Naturais de Galicia. Unha colaboración entre administracións que dará un maior servizo ás persoas que se acheguen a este espazo protexido.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 14:25:29



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17036**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos aos traballos de retirada do depósito de pneumáticos en desuso de Fene da terra contaminada con restos da trituración dese material, o seu tratamento e destino, así como o recheo levado a cabo con terra procedente doutro lugar”**, (publicada no BOPG número 184 do 29 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Os traballos aos que se fai referencia na iniciativa comezaron o 8 de xuño de 2017 e remataron o día 14 dese mesmo mes. En total, retiráronse en Fene un total de 105,26 toneladas de pneumáticos.

O residuo, ou terra contaminada, foi entregado a un xestor autorizado. O custo total ascendeu a preto de 12.000 euros, o que non supuxo un incremento do orzamento inicial.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 17:40:50





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/02/2018 13:42  
Nº Rexistro: 25367

Data envío: 06/02/2018 13:42:41.909

Data 06/02/2018 13:42

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18181**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa suficiencia dos datos referidos á participación dos centros de ensino, alumnado e persoas no concurso de fotografía denominado Entendendo as Nubes, nas actividades educativas organizadas por MeteoGalicia e no programa MeteoEscolas, así como as súas intencións respecto da loita contra o cambio climático a través da sensibilización e educación da cidadanía”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A educación e sensibilización é un dos eixos principais na loita fronte ao cambio climático, na que participan todos os departamentos da Xunta de Galicia que contan con competencias nesta materia. Así queda reflectido no informe sobre o cambio climático de Galicia, un documento que recolle o desenvolvemento de 23 actuacións de formación e concienciación cidadá ás que se destinaron máis de 1,7 millóns de euros.

En relación aos datos das actividades organizadas por Meteogalicia, considéranse satisfactorios dentro do contexto das accións de sensibilización ambiental impulsadas por este departamento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 13:42:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18487**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co estado de abandono e deterioro que presenta o parque forestal de Castiñeiras, nos concellos de Marín e Vilaboa, as razóns do incumprimento do convenio asinado coa comunidade de montes de Vilaboa referido ao desenvolvemento de plans anuais de conservación e as súas previsións respecto da execución dalgunha actuación para a súa recuperación”**, (publicada no BOPG número 196 do 19 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Desde o ano 2009, a Xunta de Galicia ten investido preto de 300.000 euros nas instalacións e parques que rodean o lago de Castiñeiras. Tamén levou a cabo labores de mantemento da contorna para a limpeza dos mananciais e cursos de auga, así como actuacións en materia de xestión forestal. Con respecto á lagoa, a Xunta fíxose cargo do mantemento do entorno, realizando tarefas de retirada de infraestruturas deterioradas e de desbroces e retirada de maleza. Sempre segundo o acordado entre o Goberno galego e a comunidade de montes.

En ningún caso, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio está incumprindo o convenio coa mancomunidade de montes de Vilaboa, e en función da dispoñibilidade orzamentaria realizaranse os oportunos investimentos, sempre de acordo cos criterios establecidos pola propia mancomunidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:11:39



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 18506**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia , a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao desenvolvemento das medidas e actuacións reflectidas no VI Plan galego para igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 para a consecución do obxectivo de potenciar o desenvolvemento profesional e o empoderamento das mulleres rurais en todos os posibles ámbitos da a ctividade económica, así como a valoración do Goberno galego ao respecto.”**, (publicada no BOPG número 196 do 19 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural** que ten o seguinte contido:

“O VI Plan de Igualdade para a igualdade entre mulleres e homes programou para o período 2013-2015 un total de 320 actuacións, cun orzamento de máis de 220 millóns de euros.

Todas as medidas articuláronse ao redor de 6 eixos estratéxicos: mellora da gobernanza a favor da igualdade; cambio de valores e modelos para a igualdade; aproveitamento do talento feminino; conciliación corresponsable e calidade de vida; participación activa das mulleres na sociedade; e acción integral para combater a violencia de xénero.

Dentro deste VI Plan de Igualdade, un dos obxectivos fixados pasa por incentivar o emprendemento orientado á muller rural, como elemento estratéxico para o crecemento económico e desenvolvemento pleno e duradeiro do medio.

Recentemente, estase percibindo un progresivo cambio de tendencia no papel que desempeña a muller rural. Así, o 54% das persoas que deciden emprender un negocio no ámbito rural son mulleres, fronte a un 46% de homes. Pola contra, no mundo urbano, a

porcentaxe de mulleres empresarias baixa ao 30%, fronte ao 70% de homes. Ademais, nun 79% dos casos, estas empresarias rurais son autónomas e apostan por poñer en marcha iniciativas empresariais que ofertan produtos ou servizos dos que carece o seu ámbito.

Por outra banda, máis do 25% dos proxectos do Leader 2007-2013 estiveron ou ben presentados por mulleres, ou elas formaban parte do seu desenvolvemento. O obxectivo do novo período debe ser redobrar os esforzos para acadar maiores porcentaxes.

En canto aos programas no ámbito da educación, cabe sinalar que coa posta en marcha do PDR 2014-20 no ano 2016 empezouse a traballar no deseño de liñas de axudas e accións de formación dirixidas especificamente aos principais colectivos que conforman o tecido social do medio rural. Xa no 2017 iniciáronse accións de formación dirixidas aos mozos e mozas do rural galego para incentivar a incorporación á empresa agraria coa que se pretende dar resposta ao relevo xeracional necesario para a continuidade das actividades económicas no eido da produción primaria no rural. En total, no ano 2018 destinarase un orzamento de 824.000,00€ para accións de transferencia de coñecementos destinada especificamente ás mulleres do rural co obxectivo de mellorar as competencias profesionais das mesmas e impulsar o emprendemento da muller rural na procura da incorporación real da muller no tecido produtivo rural.

Ademais, estanse a actualizar os contidos dentro dos programas de formación dos cursos de capacitación agraria para incorporación á empresa agraria, introducindo a perspectiva de xénero nos distintos módulos que o conforman. Así mesmo, estanse a programar charlas de igualdade de xénero para o segundo trimestre do 2018 nos distintos centros de formación da consellería do Medio Rural, como complemento formativo dos ciclos de FP regrada.

A incorporación das mulleres ao mercado laboral galego foi un dos principais obxectivos do Goberno da Xunta de Galicia ao longo dos últimos anos. Grazas a iso, a tendencia do emprego feminino en Galicia nos últimos anos está a ser positiva.

Actualmente, do total de explotacións rexistradas actualmente en Galicia, o 43,76% das explotacións galegas teñen como titular a mulleres e o 56,24 % a homes. No que se refire a explotacións de titularidade compartida, en Galicia existen 17 casos, o que nos sitúa dentro da media estatal. Porén, e para incentivar esta figura, a Consellería do Medio Rural prioriza



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/02/2018 16:30  
**Nº Rexistro: 25192**  
Data envío: 05/02/2018 15:03:42.025

nas ordes de axudas (como no caso de plans de mellora) as granxas de titularidade compartida.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 8cc051d5-f7c5-2621-1a36-acbf24257b88



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:03:34





RS/kd

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 18994**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posición da Xunta de Galicia respecto da pretensión de Gas Natural de desmantelar a instalación de almacenaxe de GLP na urbanización da Barcala, no concello de Cambre, así como as medidas que vai adoptar en relación coa veciñanza afectada.”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria** que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria con motivo do debate da pregunta 18993 que tivo lugar na sesión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do 30 de xaneiro de 2018.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-01-30?part=3c35a459-68e9-430c-b126-d48f67437b6b&start=87.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:03:20



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19163**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que adoptou o Goberno galego diante da seca e dos incendios forestais para controlar de xeito máis efectivo a calidade do aire”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia controla de xeito efectivo, e durante os 365 días do ano, a calidade do aire, incluídos os episodios de seca hidrolóxica ou de incendios.

En relación aos incendios rexistrados en outubro, o día 15 activouse o protocolo de actuación en situacións excepcionais de contaminación atmosférica, ao superarse en Vigo o limiar de alerta establecido para as partículas PM10. Ao longo desa noite, estes niveis superáronse en case todas as estacións de calidade do aire, polo que o protocolo estendeuse a toda a comunidade. A alerta foi desactivada o día 17, cando a situación se normalizou en toda Galicia.

Con todo, a Xunta de Galicia permaneceu vixilante realizando controis continuos dos datos de calidade do aire en todas as estacións de Galicia, especialmente na contorna dos incendios que continuaron activos e deuse á poboación a información necesaria.

As recomendacións déronse a través de Sanidade e da web da Xunta de Galicia, sempre facendo fincapé na necesidade de seguir as recomendacións de Protección Civil, xa que principal era poñer a salvo a vida das persoas. No caso de poboacións non ameazadas directamente polo lume, recomendouse permanecer nas casas, evitando o fume, sobre todo

o caso de persoas especialmente sensibles como nenos, anciáns e persoas con enfermidades respiratorias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 14:38:49



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19302**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para garantir o mantemento do espazo natural de interese local dos Gafos e evitar que se produzan grandes acumulacións de lixo no seu contorno”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza e o Decreto 124/2005, do 6 de maio, regulan a figura de espazo natural de interese local (ENIL) establecendo que por petición dun Concello a consellería con competencias en materia de conservación da natureza poderá declarar como tal aqueles espazos integrados no seu termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos valores naturais.

O ENIL río Gafos foi declarado pola Orde de 25 de novembro de 2013, precisando os artigos 4, 5 e 6 os extremos relativos á protección preventiva, xestión e efectos da declaración:

- A partir desa declaración do ENIL, a responsabilidade da súa xestión é municipal, correspondendo ao Concello de Pontevedra a adopción das medidas para garantir a conservación do espazo.

-Coa solicitude, o Concello comprometeuse a consignar con cargo aos orzamentos xerais municipais de cada ano as cantidades necesarias para garantir a conservación do espazo e acometer as medidas de xestión necesarias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 10:51:31



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 19421**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento e as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación coa situación e conflito laboral dos traballadores da industrial auxiliar de Navantia en Ferrol-Fene, así como a súa valoración respecto das causas e consecuencias da folga desenvolvida no mes de outubro”**, (publicada no BOPG número 204 do 02 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria** que ten o seguinte contido:

“Galicia lidera, de novo, o naval grazas ao traballo que o sector está a facer para adaptarse ás novas necesidades do mercado e competir coas grandes potencias mundiais, para o que conta coa estreita colaboración e apoio da Xunta. Así pois, o esforzo que os estaleiros e a industria complementaria galega veñen realizando a prol de factores como a innovación, a formación e o modelo 4.0, está a conseguir que a comunidade se consolide como a principal fabricante naval de España con preto do 40% dos contratos realizados entre xaneiro e setembro de 2017.

Polo tanto, a Xunta seguirá ao lado deste sector estratéxico para que a capacidade técnica, a diferenciación e o talento humano sexan os avais na captación de novas oportunidades que consoliden as boas expectativas de crecemento e creación de emprego existentes na construción naval e outras actividades anexas.

Así pois, valórase positivamente a decisión, adoptada en outubro pola maioría dos traballadores e traballadoras das empresas auxiliares do sector naval de Ferrol, de apostar polo



diálogo como a mellor forma de resolución dos conflitos, facilitando a execución dos encargos en vigor e a consecución de novos contratos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:07:09



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19447**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co estado no que se atopan os libros de texto de terceiro e quinto curso de Primaria pertencentes ao Fondo solidario do CEIP Santa Baia de Boiro, as razóns da demora na rúa renovación e as medidas que vai adoptar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao respecto”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“En 2014 houbo a opción de mudar os libros de texto neses cursos especificamente (con motivo da implantación da LOMCE), pero sempre baixo criterio dos propios centros de mantelos ou non, polo tanto os libros de texto deste e de calquera outro centro non teñen máis de 3 anos en ningún caso sempre que así o decidiran no 2014

En todo caso a reposición posterior por mal estado está asegurada en todos os centros, sempre e cando sexan libros da mesma editorial, así como a reposición dos libros complementarios, que tamén está garantida sempre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 20:03:54



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19579**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar o estado de deterioración no que se atopan as pinturas murais ao fresco existentes nas igrexas parroquiais de Labrada e dos Vilares, no concello de Guitiriz, así como o mantemento de contactos con algunha outra institución dirixidos á procura de apoios e colaboración para ese fin”**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“No caso dos Vilares, encontrámonos á espera do remate e revisión do estudo por parte da empresa á que lle foi encargado, para facer unha avaliación e posterior diálogo cos propietarios (Igrexa) e outras administracións competentes.

No caso de Labrada, está pendente unha visita por parte dos técnicos da DXPC para realizar unha valoración sobre a situación, que se programará o máis axiña posible.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 12:57:50



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 19628**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación co conflito laboral de Bershka na provincia de Pontevedra e o tratamento que lle están a dar os medios de comunicación públicos de Galicia, así como as súas previsións referidas á procura dunha solución ao respecto”**, (publicada no BOPG número 207 do 08 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria** que ten o seguinte contido:

“A Xunta sempre vela polo cumprimento das condicións laborais establecidas na Lei e ofrece a súa mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, para facilitar o dialogo entre persoas traballadoras e empresa de cara a unha solución.

Sen embargo, no conflito laboral xurdido en Bershka en novembro de 2017 non foi necesaria tal intervención xa que a representación sindical e a dirección da empresa alcanzaron un acordo axilmente, que foi aceptado polo persoal implicado.

Por outra banda, a Corporación Radio e Televisión de Galicia é unha entidade con personalidade xurídica propia, autónoma na súa xestión e independente no seu funcionamento respecto da Xunta. Así o establecen a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual da comunidade e o Mandato marco, aprobados ambos polo Parlamento galego.

Polo tanto, atendendo ao establecido legalmente, a Xunta non se pronuncia ao respecto de calquera cuestión ou aspecto relacionados co labor dos seus directivos e profesionais. De todos os xeitos, o pasado 28 de decembro o director xeral da CRTVG xa deu conta -na Comisión non lexislativa de control da Corporación- de todas as información emitidas nos

medios públicos en relación con este conflito que, como indicamos anteriormente, xa está resolto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:03:04



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 19723**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia en relación en relación co conflito laboral da empresa Bershka na provincia de Pontevedra para garantir o dereito á non discriminación laboral por razóns de orixe establecida no artigo 17 do Estatuto dos Traballadores, así como a data prevista para a presentación dun informe referido á mesa de diálogo creada entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, segundo o acordo parlamentario do 28 de decembro de 2016”**, (publicada no BOPG número 212 do 16 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria** que ten o seguinte contido:

“A Xunta sempre vela polo cumprimento das condicións laborais establecidas na Lei e ofrece a súa mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, para facilitar o dialogo entre persoas traballadoras e empresas de cara a unha solución.

No conflito laboral xurdido en Bershka en novembro de 2017 non foi necesaria esta intervención xa que a representación sindical e a dirección da empresa alcanzaron rapidamente un acordo, que foi aceptado polo persoal implicado.

Por último, sinalar que continúan os traballos cos interlocutores sociais no seo do Consello Galego de Relacións Laborais para a posta en práctica do acordo adoptado polo

Parlamento de Galicia para promover a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:02:52



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20028**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para os territorios afectados pola seca e as súas previsións respecto da inclusión dos concellos da Fonsagrada, Navia de Suarna, A Pontenova, Ribeira de Piquín, Meira, Baleira, Pedrafita do Cebreiro, Cervantes, Riotorto, As Nogais, Becerreá, Trabada e Negueira de Muñiz como beneficiarios das axudas convocadas na Orde do 30 de outubro de 2017, da Consellería do Medio Rural, para garantir a subministración de auga ás explotacións agrícolas e gandeiras nas zonas afectadas por unha declaración de seca”**, (publicada no BOPG número 212 do 16 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e a Consellería do Medio Rural** que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia conta cun Plan de Seca, aprobado en 2013, que é o instrumento que permite á administración ante un episodio concreto de seca a identificación, avaliación, seguimento, toma de decisións e posterior adopción de medidas precisas de cara a minimizar os seus efectos.

Este plan contra con catro puntos básicos: define os mecanismos para a previsión e detección da presentación de situacións de seca, fixa catro fases de gravidade sucesiva, propón unha serie de medidas a adoptar en cada fase da situación da seca e propón un protocolo de actuación.

Como non pode ser doutro xeito, a Xunta de Galicia traballa en coordinación coas Administracións que teñen competencias nesta materia. Entre elas, atópase a Confederación Hidrográfica Miño Sil, coa que se mantén unha coordinación técnica permanente para avaliar conxuntamente a situación e os distintos indicadores e así poder dar unha resposta coordinada.

O Goberno galego é moi consciente de que a situación climatolóxica deste ano 2017 está a ser absolutamente excepcional. Por este motivo a Xunta de Galicia non podía deixar de apoiar tamén as explotacións agrarias de Galicia ante esta situación da seca persistente que se está a vivir desde finais do ano 2016, polo que presentouse no Consello da Xunta un paquete de medidas para permitir que as explotacións poidan dotarse das infraestruturas necesarias e obter liquidez para garantir a súa viabilidade a través da orde para garantir o subministro de auga as explotacións agrarias que será de aplicación a todas as explotacións agrícolas ou gandeiras de Galicia, dado que en todo o

territorio da Comunidade Autónoma está declarada a situación de prealerta ou alerta por seca no ano 2017.

No diario oficial de Galicia do día 2 e 9 de novembro publícase esta orde de axudas do 30 de outubro pola que se establecen as bases reguladoras destinadas a garantir a subministración de auga ás explotacións agrarias e se convocan para o ano 2017.

A Consellería do Medio Rural destina preto dun millón de euros en axudas para garantir a subministración de auga ás explotacións agrícolas e gandeiras. Estas axudas pretenden garantir o subministro de auga ás explotacións profesionais en réxime extensivo e intensivo de aproveitamento de pastos e cultivos agrarios.

Esta liña de achegas poderán solicitálas as explotacións localizadas nas demarcacións hidrográficas de Galicia Costa, Miño-Sil, Cantábrico occidental e do Douro que foron declaradas en alerta ou prealerta por seca no presente ano.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:10:41



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 25017

Data envío: 02/02/2018 14:19:50.043

Data 02/02/2018 14:19

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20033**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para manter pechado o Centro Galego de Desenvolvemento Integral, situado no barrio de Salgueiriños, en Santiago de Compostela, o prazo previsto para a súa posta en marcha a pleno rendemento e o orzamento que se vai destinar, así como as actuacións previstas nel no ano 2018, o modelo de xestión e o cadro de persoal que vai ter”**, (publicada no BOPG número 212 do 16 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 11.10.2017- ao darlle resposta á pregunta 13403 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 14:19:28



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20076**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a data prevista polo Goberno galego para a consignación da partida orzamentaria suficiente para dotar o alumnado do Colexio Santa Baia, de Boiro, dos libros de texto necesarios”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“En 2014 houbo a opción de mudar os libros de texto neses cursos especificamente (con motivo da implantación da LOMCE), pero sempre baixo criterio dos propios centros de mantelos ou non, polo tanto os libros de texto deste e de calquera outro centro non teñen máis de 3 anos en ningún caso sempre que así o decidiran no 2014.

En todo caso a reposición posterior por mal estado está asegurada en todos os centros, sempre e cando sexan libros da mesma editorial, así como a reposición dos libros complementarios, que tamén está garantida sempre.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 13:42:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/02/2018 13:42  
Nº Rexistro: 25365

Data envío: 06/02/2018 13:42:21.815

Data 06/02/2018 13:42

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20309**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para recuperar as dúas pías medievais pertencentes á igrexa de San Xían de Moraime, no concello de Muxía”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida no Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 20307, debatida no Pleno da Cámara galega de data 23-24/01/2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 13:42:16



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20354**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir o dereito do alumnado con trastorno do espectro do autismo a unha educación inclusiva no sistema público de ensinanza”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O primeiro que hai que sinalar é que a Xunta, como non pode ser doutro xeito, acata e respecta todas as sentenzas xudiciais. De todos os xeitos, hai que puntualizar que o fallo recoñece só en parte a demanda da familia e todo o proceso se refire a unha situación puntual nun curso (o curso 2013/14) non ao conxunto de atención que recibe o neno no sistema educativo (en varios cursos).

Segundo a última estatística do Ministerio, Galicia é a comunidade autónoma que ten a maior porcentaxe de alumnado con necesidades educativas especiais integrado en centros ordinarios. En concreto, o 91,9% do alumnado con NEE está integrado, o que favorece a igualdade de oportunidades na ensinanza.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 13:42:02



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20472**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia , a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da calidade dos servizos que presta a nova concesionaria da liña de transporte por estrada XG521 Salvaterra-Vigo con anexos, a necesidade de reorganización e de adaptación de todas as rutas á Área Metropolitana de Vigo, así como as súas previsións en relación coa consideración das solicitudes das solicitudes presentadas para a modificación das liñas.”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa primeira fase se puxo en marcha o 8 de agosto, cumpriu cos obxectivos de non deixar Galicia nin un só día sen transporte, garantindo emprego e mellorando o servizo no rural.

Trátase dun plan vivo e, como tal, aberto á participación e colaboración por parte dos concellos e demais axentes implicados.

Nesta liña de traballo, foron diversos os contactos da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e os concellos da zona, dando como resultado a introdución de modificacións dirixidas a unha mellor atención das necesidades dos veciños destes concellos nas súas relacións interiores e cara á principal cidade de referencia. Polo tanto, garátese o mantemento dun servizo de calidade.



Por outra parte, esta mesma liña de revisión constante mantense aberta actualmente, polo que se poderán introducir novas modificacións que supoñan melloras na prestación do servizo público ás persoas usuarias, ao tempo que se analizarán as condicións de prestación e as demandas existentes nos propios traballos a levar a cabo no marco do propio Plan de Transporte Público de Galicia, que se elaborará e implantará nos próximos anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 12:45:19



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20588**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia para a aprobación do plan antifraude na contratación pública da Administración autonómica”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“No Boletín Oficial do Estado do 9 de novembro de 2017 publicouse a Lei de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26-2-2014. Esta nova Lei entrará en vigor o día 9 de marzo de 2018.

A Lei introduce unha normativa especial relativa á loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses, mediante a cal se impón aos órganos de contratación a obriga de tomar as medidas adecuadas para loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción, e prever, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación.

Considerouse necesario esperar á aprobación definitiva da Lei para elaborar o plan antifraude na contratación pública no ámbito do sector público autonómico, deste modo poderá terse en conta nel a nova regulación legal e os avances que introduce na materia.

Debe terse en conta que xa o 12 de xuño de 2014 aprobouse o Plan de Mellora de Contratación Pública 2014-2016, que tiña como obxectivo principal acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada desde o punto de vista da relación coa cidadanía e as empresas. Un dos eixos do Plan estaba centrado precisamente na transparencia e no impulso das boas prácticas na actividade contractual que desenvolve a Xunta de Galicia que garantan o máximo control tanto interno como externo dos procedementos de contratación.

Dentro das medidas de mellora do funcionamento e control do sector público autonómico nas que a Xunta de Galicia traballa actualmente destaca a preparación dunhas Directrices dos plans de prevención de riscos penais no sector público autonómico, en estudo pola Asesoría Xurídica Xeral.

Estas Directrices son consecuencia da Lei 4/2016, de 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público, que establece no seu artigo 32, 'Prevenición da corrupción':

'A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participará na elaboración dos plans de prevención de riscos de corrupción que se elaboren polo sector público autonómico. En particular, deberá emitir informes sobre a súa adecuación aos requirimentos establecidos no artigo 31 bis do Código penal con carácter previo á súa remisión do Consello de Contas de Galicia. Así mesmo, coñecerá dos resultados das avaliacións que este órgano faga sobre os devanditos plans.

Sen prexuízo das funcións dos órganos encargados da supervisión do funcionamento e do cumprimento dos modelos de prevención que se implanten, a Asesoría Xurídica Xeral exercerá as funcións de control de legalidade nos procedementos de formación da vontade das entidades do sector público que se determinen nos plans indicados, conforme, se é o caso, co que se dispoña nos acordos de asistencia xurídica previstos no artigo 2 desta lei. No marco destas funcións, informará os organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do modelo de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos en dereito cando así o soliciten'.

A intención da Xunta de Galicia é, polo tanto, unha vez aprobada a nova Lei de contratos do sector público, seguir afondando na adopción de medidas que tendan a loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción nos procedementos de contratación e, polo tanto, aprobar o novo plan antifraude na contratación pública plenamente adaptado ás disposicións da nova Lei, insistindo nas medidas de transparencia, boas prácticas e de control xa recollidas e implantadas no sector público autonómico no Plan de Mellora de Contratación Pública 2014-2016."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:06:50



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20785**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira, sobre “ a valoración do Goberno galego en relación coa demora existente no desenvolvemento normativo da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, as razóns da non publicación do decreto regulador antes do inicio da tramitación dos orzamentos para o ano 2018 e o establecemento dun proceso de consultas coas entidades e colectivos sociais para a súa redacción, así como os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas no ano 2017 para a concesión da Risga e as previsións ao respecto para o ano 2018”, (publicada no BOPG número 224 do 7 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social, foi aprobado como proxecto de decreto o pasado mes de decembro de 2017, e de seguido procedeuse a sometelo a exposición pública para recoller suxestións. Actualmente se atopa na fase intermedia da súa tramitación, durante a que se recabarán os informes preceptivos e terá lugar a fase de audiencia.

Na elaboración desta norma téñense en conta as principais demandas propostas polas entidades de iniciativa social e o resto de axentes implicados para acadar un decreto o máis consensuado posible. Incluirá a materialización de medidas novidosas, como a posta en marcha dos novos tramos de inserción e transición ao emprego da RISGA, así como unha serie de melloras que permitirán beneficiar aos perceptores desta prestación.

Así mesmo, a tramitación esixe a realización dunha memoria económica na que se cuantifique o importe que implicará a súa entrada en vigor, polo que se procederá a consignar na aplicación orzamentaria correspondente o crédito que resulte necesario para tal fin.

A transparencia na xestión da RISGA está garantida, non só pola normativa xenérica de transparencia que é de aplicación a toda a xestión da Xunta de Galicia, senón tamén pola

propia publicidade do informe anual onde se recollen todos os datos estatísticos resultado da explotación da aplicación informática utilizada para a tramitación da prestación, que se publican tamén no IGE e se remiten ao Consello Económico e Social, e que permiten facer un balance da xestión anual.

A Consellería de Política Social publica anualmente un informe sobre a aplicación e avaliación da Lei de Inclusión Social de Galicia, que se atopa a disposición de calquera persoa interesada na páxina web da Consellería. O documento correspondente ao exercicio 2017 atópase actualmente en proceso de elaboración, e estará publicado dentro do primeiro semestre do ano, en cumprimento do compromiso adquirido pola Consellería de Política Social.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 10:24:50





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 25205

Data envío: 05/02/2018 15:06:45.542

Data 05/02/2018 15:06

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 20922**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal, sobre **“as razóns do Instituto Enerxético de Galicia para non asinar o Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía impulsado pola Comisión Europea, as súas intencións en relación coa reconsideración desa decisión e a súa información referida aos concellos galegos que desenvolveron os seus plans de acción para a enerxía sustentable e o clima, así como a colaboración con eles no desenvolvemento deses plans e as previsións ao respecto.”**, (publicada no BOPG número 224 do 07 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria** que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, xa ten asumido a posición de coordinadora do Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía. De feito, o pasado 28 de novembro de 2017 celebrouse unha xornada de difusión desta iniciativa. Ademais, está prevista a creación en 2018 dunha oficina destinada a prestar soporte e asesoramento aos concellos galegos asinantes para a implementación desta iniciativa, que contará coa participación dos diferentes departamentos e entidades da administración autonómica con competencias neste ámbito, incluído o Inega.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:06:40**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21078**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **as razóns das reiteradas demoras na resolución das axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo e do xabaril, a insuficiencia do prazo establecido para a súa xustificación e as previsións do Goberno galego ao respecto, así como as súas intencións en relación cos danos que ocasiona o porco bravo nos cultivos e as medidas que está a adoptar para controlar a súa poboación e diminuír o seu impacto na actividade agrogandeira**”, (publicada no BOPG número 227 do 15 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como se establece no artigo 2 da orde do 4 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o 2017, subvencionarase para a prevención de danos ocasionados polo lobo: a adquisición de cans para a protección e defensa do gando, pastores eléctricos e de cerrumes de malla electrificada, cuxa adquisición se faga con posterioridade á publicación desta orde.

Deste xeito tendo en consideración que a orde publicouse en agosto e que as primeiras resolucións de concesión destas axudas foron emitidas a finais de novembro os beneficiarios dispuxeron dun período de tres meses para a adquisición dos elemento incluídos na orde e a xustificación documental.

A súa tramitación sigue o procedemento establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sendo necesario e preceptivo o respecto de diferentes procedementos, para a correcta resolución das mesmas.

O Goberno galego é consciente dos problemas ocasionados polo xabaril nos últimos anos, tanto nos cultivos agrícolas do rural como nas zonas periurbanas. Por esta razón, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio puxo en marcha un amplo paquete de medidas para intentar diminuír estas posibles afeccións.

Deste xeito, incrementouse a presión cinexética sobre esta especie, pasando de de 7.452 exemplares capturados na tempada de caza 2007-2008 a preto de 16.000 exemplares no período 2016-2017. Froito das reunións mantidas cos representantes do sector cinexético, acordouse o incremento no número de batidas efectivas a realizar

Ademais, e coa finalidade de axilizar e actuar coa maior rapidez na toma de decisións para minimizar os danos producidos pola especie, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural actúa coordinada e directamente co sector agrario e cos cazadores, celebrando reunións onde se definen as zonas de conflito e se establecen uns protocolos de actuación para reducir os danos agrícolas producidos polo xabaril de xeito áxil, así como as medidas a adoptar para a prevención dos danos.

Baixo a tutela da Dirección Xeral tense constituído un grupo de traballo no que, ademais de representantes da administración autonómica, intégranse representantes dos distintos sectores (cinexético, sector agro-gandeiro) a Dirección Xeral de Tráfico (DGT), a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e membros do SEPRONA.

Dentro deste Plan, contéplanse unha serie de actuacións encamiñadas a mellorar a xestión e aproveitamento da especie, os danos producidos na agricultura, os danos ocasionados por accidentes de tráfico e a mellora da información sobre a especie

Ademais, no 2017, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publicou unha nova orde de axudas de prevención de danos por fauna silvestre, cun orzamento inicial de 300.000 euros, para a adquisición de pastores eléctricos para a protección dos cultivos agrícolas, continuando coa aposta deste Goberno pola prevención.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:09:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21259**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información do Goberno galego en relación cos prazos previstos para a licitación e execución do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo, a consignación dalgunha partida orzamentaria para participar no seu cofinanciamento e as medidas que vai adoptar para paliar as afeccións das obras de saneamento na actividade marisqueira da ría”**, (publicada no BOPG número 227 do 15 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre reiterar que a Xunta de Galicia velará, como non pode ser doutro xeito, para que se cumpran todos os compromisos adquiridos coa ría do Burgo e para que se orzamente e execute todo o imprescindible para o desenvolvemento desta actuación. O obxectivo do Goberno galego é que o dragado sexa unha realidade no máis breve prazo de tempo posible.

De feito, desde a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio solicitóuselle en varias ocasións ao Goberno central, administración que acometerá esta actuación, a máxima axilidade posible no inicio do dragado da ría do Burgo.

Por parte do Ministerio trasladóuselle ao Goberno galego que porá en marcha unha comisión na que estarán representadas todas as administracións implicadas. Esta comisión asesorará á dirección técnica da obra e ao responsable da vixilancia ambiental.

Neste sentido, contarase cun plan de vixilancia ambiental que estará operativo antes, durante e despois da actuación na ría. A súa finalidade será que os labores e actividades que se realicen no marco da obra garantan a protección efectiva dos ecosistemas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 10:53:33





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 25382

Data envío: 06/02/2018 14:38:43.946

Data 06/02/2018 14:38

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21521**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego da posibilidade de axudar a aqueles concellos pequenos que teñen dificultades económicas para actualizar o plan especial de protección do seu casco histórico, as medidas e o prazo previsto para apoiar ao Concello de Corcubión na actualización do seu, así como a súa opinión respecto do carácter prioritario e simbólico desa colaboración e as intencións da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio referidas ao mantemento da xuntanza solicitada polo seu alcalde”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, mantivo unha reunión co alcalde de Corcubión o pasado 4 de xaneiro de 2018. No encontro, a conselleira comprometeuse a estudar e avaliar a situación actual do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico deste municipio”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 9b446670-b100-09c6-7866-279cd71bbd30



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 14:38:25



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21558**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o sistema de abastecemento de auga que está a utilizar Elnosa, o lugar de captación e a súa autorización, así como a valoración do Goberno galego en relación co incremento do consumo previsto pola empresa nun contexto de alerta por seca e de dificultades de abastecemento á poboación”**, (publicada no BOPG número 234 do 29 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 1.02.2018- polo director de Augas de Galicia ao darlle resposta á pregunta 21559 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 10:23:14



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12771** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego destinadas a sanear e garantir a calidade das augas da ría de O Burgo”**, (publicada no BOPG número 156 do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre reiterar que a Xunta de Galicia velará, como non pode ser doutro xeito, para que se cumpran todos os compromisos adquiridos coa ría do Burgo e para que se orzamente e execute todo o imprescindible para o desenvolvemento desta actuación. O obxectivo do Goberno galego é que o dragado sexa unha realidade no máis breve prazo de tempo posible.

De feito, desde a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio solicitóuselle en varias ocasións ao Goberno central, administración que acometerá esta actuación, a máxima axilidade posible no inicio do dragado da ría do Burgo.

Por parte do Ministerio trasladóuselle ao Goberno galego que porá en marcha unha comisión na que estarán representadas todas as administracións implicadas. Esta comisión asesorará á dirección técnica da obra e ao responsable da vixilancia ambiental.

Neste sentido, contarase cun plan de vixilancia ambiental que estará operativo antes, durante e despois da actuación na ría. A súa finalidade será que os labores e actividades que se realicen no marco da obra garantan a protección efectiva dos ecosistemas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 14:23:25



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12782** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión polo Goberno da utilización do Mecanismo de Financiamento do Capital Natural”**, (publicada no BOPG número 156 do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Nas previsións realizadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural para esta lexislatura atópase a elaboración dunha nova proposta de declaración de lugares de importancia comunitaria (LIC) ou ampliación dos xa existentes. Actualmente, estase a recompilar a información de base para a elaboración da dita proposta para proceder á delimitación dos novos espazos protexidos, á caracterización dos mesmos e á tramitación da proposta de ampliación da rede Natura 2000.

O Plan Director é o marco normativo básico da Rede Natura 2000 en Galicia, e, como tal, é posible o seu desenvolvemento a través da elaboración de Plans de Xestión e Conservación para espazos que contén con singularidades que así o aconsellen. Neste sentido, actualmente están en redacción o plan reitor do parque nacional Illas Atlánticas, os plans de conservación de dous monumentos naturais, e tamén se iniciará a redacción dos plans de cada un dos parques naturais de Galicia. Todos estes instrumentos de planificación regularán aspectos concretos destes espazos e completarán a regulación dada polo Plan Director.



O importe total de fondos comunitarios empregados na Rede Natura nos últimos 9 anos supera os 31,5 millóns de euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:14:58



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12868**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as demandas dos celadores e celadoras do Hospital Comarcal do Salnés relacionadas coa falta de persoal e as condicións laborais”**, (publicada no BOPG número 156 do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para poder definir as necesidades de persoal cómpre ter en conta variables tales coma o número de camas, índice de ocupación de camas, a dotación material do centro, a distribución das tarefas e tempos aproximados, horas de traballo efectivo en cada turno, xornadas mensuais e anuais, etc., e, unha vez coñecidos estes datos e realizado o estudio, os recursos humanos disponibles distribúense do xeito máis equitativo en función das cargas de traballo.

O Hospital do Salnés inicia a súa andadura coma Fundación Sanitaria no ano 2001, pero non é ata xaneiro do 2002 cando inicia a totalidade da súa actividade asistencial. Neste ano 2002, nas Fundacións sanitarias a figura do persoal celador non estaba contemplada e as súas funcións eran realizadas por persoal Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría (TCAE), persoal que dada a actividade a realizar estaba por riba das ratios establecidas.

A chamada antigamente Fundación do Hospital do Salnés, actualmente integrada dentro da EOXI Pontevedra-Salnés, foi unha das primeiras en vincular, no ano 2009, 15 celadores incrementando progresivamente este número ata acadar os 26 celadores actuais, o que supoñe un incremento de 11 efectivos (sen diminuír o número inicial de efectivos de TCAE, de apertura da Fundación), sen prexuízo de que este número de efectivos é incrementado cando as necesidades asistenciais así o demandan.

No ano 2016, coa posta en funcionamento e a ampliación dos servizos de bloque cirúrxico, bloque obstétrico e Urgencias, tivo lugar tamén un incremento proporcional de persoal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 10:34:07



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 10:34  
Nº Rexistro: 24784

Data envío: 01/02/2018 10:34:01.610

Data 01/02/2018 10:33

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12916**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as posibilidades de utilización do edificio do Hospital Rebullón situado no concello de Mos”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Hospital Rebullón deixou de ter uso sanitario no 2016. Este cambio enmarcouse dentro da ordenación integral da área sanitaria trala apertura do Hospital Álvaro Cunqueiro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: debb2934-1b37-0dc8-aa61-7df6b3e55b92



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 10:33:57



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12943**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance da Xunta de Galicia respecto as estacións intermodais e as datas previstas para acadar estas infraestruturas.”**, (publicada no BOPG número 158 do 04 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 21844, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 23 de xaneiro de 2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 14:10:35



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 10:33  
Nº Rexistro: 24783

Data envío: 01/02/2018 10:33:51.813

Data 01/02/2018 10:33

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12964**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o inicio das obras de ampliación do Hospital de Montecelo**”, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“ Nestes momentos está pendente de adxudicación o 'Servizo de elaboración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e anteprojecto para a ampliación do Hospital Montecelo e redacción do proxecto básico e de execución do Gran Montecelo'.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 10:33:45



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12979**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a política da Xunta de Galicia en relación ao peche de camas, as listas de espera e a cobertura do persoal”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Unha vez máis cómpre puntualizar que as camas hospitalarias non se pechan, as camas hospitalarias están todas dispoñibles en función das necesidades.

A planificación sanitaria conleva a xestión e adecuación dos recursos ás necesidades asistenciais. O Servizo Galego de Saúde planifica, todos os anos, a adecuación dos recursos asistenciais no período estival tendo en conta o decremento da demanda asistencial, motivado pola diminución da morbilidade estacional de determinadas patoloxías.

Ademais, neste período prográmanse as vacacións dos profesionais e mantéñense operativos todos os recursos necesarios para a asistencia sanitaria.

Por outra parte esta circunstancia facilita tamén que durante estes meses de verán se poidan levar a cabo obras ou actuacións preventivas ou reparadoras en distintas unidades que durante unha época de maior ocupación sería moi difícil realizar.

Este tipo de planificación e xestión sanitaria non é una peculiaridade do noso Sistema, trátase de algo que se fai tamén todos os anos en todos os Servizos de Saúde.

Puntualizar, ademais, que a derivación de pacientes é unicamente a centros concertados co Servizo Galego de Saúde, que se fai segundo o recollido no *Real Decreto Legislativo 3/2011, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público*. A concertación é unha fórmula común de xestión nos diferentes sistemas sanitarios do noso ámbito, nas distintas CCAA .

Débase entender que a sanidade, e polo tanto, as necesidades asistenciais, son procesos dinámicos. Dito isto, contrataranse o número de profesionais que sexan necesarios en cada momento para garantir a asistencia sanitaria nos centros.

As ausencias do persoal cóbrense sempre que a demanda asistencial así o requira, en garantía da saúde da cidadanía.

Sempre que existe unha necesidade asistencial, as diferentes EOXIs, conforme á súa autonomía de xestión, utilizan ás listas de contratación para formalizar todos os nomeamentos que sexan necesarios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 10:33:35



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 10:33  
Nº Rexistro: 24781

Data envío: 01/02/2018 10:33:30.781

Data 01/02/2018 10:33

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12981**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a supresión do servizo de 24h na cirurxía pediátrica en Ourense”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En outubro de 2013 o Sergas puxo en marcha unha Área de Servizo Compartido de Cirurxía Pediátrica para a Zona Sur de Galicia, formada polos complexos hospitalarios de Ourense e Vigo, co obxectivo de reforzar esta prestación no CHUO.

A Sección de Cirurxía Pediátrica do CHUO rexistra unha actividade cirúrxica, programada e urxente, dunhas 200 intervencións anuais (186 en 2016), o que representa a práctica totalidade da demanda cirúrxica e de consultas que se rexistra.

Para asumir esta actividade, ata febreiro do pasado ano, o CHUO contaba con dous cirurxiáns pediátricos propios, a tempo completo, co apoio dos servizos de Uroloxía e Cirurxía Xeral. Co traslado dun deles (por petición propia) en marzo de 2017, un único especialista continuou atendendo consultas e indicando a cirurxía. Actividade que se continuou desenvolvendo con normalidade desde o 21 de xuño grazas a colaboración do Servizo de Cirurxía Pediátrica de Vigo e o apoio do servizo de Cirurxía Xeral do CHUO. Pese a estas dificultades de persoal, en 2017 realizáronse 131 cirurxías programadas e 7 urxentes, cunha única derivación urxente ao Álvaro Cunqueiro.

Disto podemos concluír que se realizan desde Ourense a práctica totalidade das intervencións precisas, programadas e urxentes, á marxe daquelas que, pola complexidade ou curta idade/peso do paciente, son derivadas ao centro de referencia, por indicación da Sección de Cirurxía pediátrica do CHUO, como xa se viña facendo con anterioridade a 2013, entón ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Ademais, hai que subliñar que se continúa realizando unha intensa procura activa, para contratar a un cirurxián pediátrico máis. Procura de momento sen resultados ante o limitado número a nivel nacional destes especialistas, e a falta deles no mercado de traballo.

Non si, o obxectivo irrenunciable dos responsables da Xerencia de Xestión Integrada do Sergas en Ourense é manter no CHUO este servizo de xeito integral, resolutivo e autónomo, polo que explorará todas aquelas opcións posibles, para continuar evitando o desprazamento dos rapaces de Ourense a outra provincia para ser intervidos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 10:33:24



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 10:33  
Nº Rexistro: 24780

Data envío: 01/02/2018 10:33:18.516

Data 01/02/2018 10:33

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12990**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a situación nos servizos de urxencias no SERGAS”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde elabora anualmente os correspondentes 'Plans de Continxencia' en cada unha das EOXI. Os plans recollen e planifican as accións a levar a cabo nos distintos hospitais das EOXI a fin de controlar as consecuencias debidas á propagación de onda de infección, evitar que se produzan abrochos dentro dos centros sanitarios, planificar os posibles picos de demanda nos diferentes dispositivos asistenciais, prestar a mellor asistencia posible a pacientes con gripe tratando de minimizar a incidencia sobre o funcionamento nos Hospitais e describir os procedementos alternativos ao orden habitual da organización co fin de permitir ao máximo o normal funcionamento, contemplando a necesidade de habilitación de espazos específicos e de recursos tanto estruturais como de persoal según vaian crescendo as necesidades asistenciais durante esta época invernal.

O Servizo Galego de Saúde tamén conta coa información elaborada e remitida polo **Servizo de Vixilancia Epidemiolóxica da Dirección Xeral de Saúde Pública** (p.e. actividade gripal con intensidade, tendencia, difusión da onda da gripe, etc.)

A atención urxente de pacientes conleva a necesidade de dispoñer de dispositivos que permitan a selección de pacientes en función da gravidade das doenzas que presentan, proceso clave para a adecuada atención da demanda urxente, isto é a **'Triaxe'**, que se leva a cabo por persoal sanitario en todos os servizos de urxencias hospitalarias de rede pública de Galicia, concretamente a 'Triaxe Manchester' de utilización internacional, que clasifica aos pacientes en función da gravidade e necesidade de asistencia segundo un código de cores (vermello, laranxa, amarelo, verde, azul e branco) e marca uns tempos estándar de asistencia (ata o primeiro contacto médico) diferentes

segundo este código de cores.

Os Servizos de Urxencias dos hospitais públicos de Galicia, contan con profesionais de alta cualificación e formación así como con infraestrutura e equipamento de calidade, traballando con protocolos e sistemas de información que permiten o desenvolvemento do seu traballo nas mellores condicións.

Nos últimos anos leváronse a cabo ampliacións e unidades de nova creación, nos servizos de urxencias nalgúns hospitais como o CHUAC, o Hospital do Salnés, melloras no servizo de urxencias de Montecelo, a área de curta estancia dependente de urxencias no CHUO, habilitación de espazos no Hospital da Mariña para realizar a triaxe, etc.

Nos centros do Servizo Galego de Saúde realízanse os reforzos de persoal necesarios e axustados á demanda asistencial.

Por último, hai que ter en conta que aos servizos de urxencias hospitalarias acoden tamén pacientes con outras patoloxías non respiratorias, polo que aínda que é posible planificar a demanda pola onda de gripe, a entrada nos servizos de urxencias está sempre suxeita a cambios e circunstancias non previstas, o que engadido á discontinuidade característica da demanda urxente, pode provocar momentos punta de demanda.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 10:33:13



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12992**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o funcionamento da Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital de Conxo”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa denuncia pública realizada sobre o deterioro da atención psiquiátrica en xeral e concretamente na Área de Santiago de Compostela, baseándose en dúas 'situacións' concretas ocorridas nos últimos meses na área de hospitalización de pacientes agudos, cómpre sinalar que nos últimos anos, non se produciu diminución algunha dos recursos sanitarios dedicados ao ámbito da Saúde Mental na área de Santiago, nin en infraestruturas, nin en persoal, se non que, polo contrario, potenciáronse coa dotación de novos dispositivos.

Tal é o caso da Unidade de Hospitalización Psiquiátrica Infanto-xuvenil, que é a única en Galicia e está a dar servizo como centro de referencia de toda a comunidade galega para este tipo de pacientes.

Simultaneamente implementáronse numerosos programas asistenciais comunitarios e domiciliarios, así como dispositivos intermedios de integración comunitaria (prepisos e pisos) para estes pacientes. De tal modo que sempre se dispón de camas de hospitalización para pacientes agudos nas dúas Unidades existentes; realizándose nas mesmas centos de ingresos ao longo do ano. Estas Unidades dispoñen da ratio de profesionais recomendada.

Ao respecto dos sucesos que mencionan, hai que sinalar que continúan en proceso xudicial, e que en ambos os casos activáronse os protocolos previstos ante tales circunstancias.

Neste sentido e no que á dotación se refire, tanto as ratios de persoal como os protocolos preventivos eran os adecuados, segundo as indicacións clínicas e as patoloxías dos pacientes.

O equipo asistencial continúa co seu traballo permanente de mellora continua na asistencia sanitaria de todos os pacientes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 10:33:02



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 10:32  
Nº Rexistro: 24778

Data envío: 01/02/2018 10:32:57.062

Data 01/02/2018 10:32

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12994**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a adxudicación do concurso da Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do SERGAS, do servizo de transporte sanitario urxente”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de contratación realizouse de conformidade á Lei de Contratos do Sector Público e o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, garantindo en todo momento o cumprimento estrito da legalidade vixente.

Ata este momento, as resolucións de once recursos presentados ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (TACRC) de Madrid foron favorables á Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 10:32:50



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 10:32  
Nº Rexistro: 24777

Data envío: 01/02/2018 10:32:45.812

Data 01/02/2018 10:32

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12995**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o destino do equipamento do Anexo I e do Anexo II do Hospital Xeral de Vigo”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As actuacións máis significativas a desenvolver no edificio Anexo II do Hospital de Vigo serán para o PAC, o Centro de Saúde e a Unidade de Saúde Mental.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 10:32:40



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 11:48  
Nº Rexistro: 24826

Data envío: 01/02/2018 11:48:18.888

Data 01/02/2018 11:48

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13002**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os motivos de ter desbotado o edificio Xeral Cíes para uso público sanitario ou sociosanitario”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á contestación facilitada polo Xerente do Servizo galego de saúde na Comisión 5ª celebrada o 18 de maio de 2017, na que informou que, o Hospital Cíes viña realizando nos últimos un labor residual na actividade asistencial do CHUVI, en primeiro lugar polas súas dimensións, e en segundo lugar polas limitacións estruturais que presentaba; restrinxíndose ao ámbito da cirurxía maior ambulatoria (esencialmente oftalmolóxica) e ás consultas externas.

O Hospital Cíes é un edificio singular que non cumpre cos estándares necesarios para seguir servindo de centro asistencial hospitalario nestes momentos.

Nin a súa configuración, nin a súa estrutura, nin a súa funcionalidade cumpren cos requirimentos actuais e calquera uso hospitalario precisaría dun importante investimento.

Pero o que é máis, coas novas dotacións asistenciais que ten Vigo, tanto no Álvaro Cunqueiro coma no Hospital do Meixoeiro, o policlínico Cíes é innecesario para fines asistenciais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 11:48:14



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 11:48  
Nº Rexistro: 24825

Data envío: 01/02/2018 11:48:09.591

Data 01/02/2018 11:48

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13003**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a participación das traballadoras sociais na planificación e asistencia sociosanitaria”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece que os servizos sanitarios adecuarán a súa organización e funcionamento aos principios de eficacia, celeridade, economía e flexibilidade, e outorga ás Comunidades Autónomas a creación e organización dos respectivos servizos de saúde.

Neste sentido, o SERGAS está a traballar nun Decreto que regule as estruturas das EOXI, dando cumprimento aos principios reitores e de actuación do sistema público de saúde de Galicia.

O Servizo Galego de Saúde ten, como obxectivo fundamental, colocar ao paciente no centro do sistema sanitario e garantirlle a mellor atención posible con independencia do nivel asistencial no que sexa atendido. Consegur este obxectivo require ter unha visión integral do paciente e da saúde en todas as súas dimensións, incluída a social.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 50171516-c2e7-c687-ac34-aa01c8f88ab0



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 11:48:05



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 13:18  
Nº Rexistro: 24873

Data envío: 01/02/2018 13:18:40.989

Data 01/02/2018 13:18

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13009**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación do Hospital Lucus Augusti (HULA) tras as inundacións provocadas por una tormenta”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A causa do asolagamento foi a grande cantidade de auga caída nun curto espazo de tempo e ás dificultades que as redes de evacuación de augas pluviais tiveron para eliminala das arquetas finais. Tamén analizáronse os motivos, causas e posibles solucións para que dita situación non se volva a producir.

Non se pode falar de que existan deficiencias construtivas ás que poder achacar as anteditas incidencias, nin tampouco de mantemento, estando este pautado e realizado coa periodicidade que corresponde. As instalacións funcionan axeitadamente para un índice de pluviometría dentro dos parámetros de normalidade, e así ven sendo desde que o hospital está en funcionamento.

Tanto as baixantes como o resto das instalacións polas que se canalizan as augas pluviais ata o entronque coas instalacións do concello, atópanse en perfecto estado de mantemento.

Os danos causados reducíronse a pequenas incidencias en electrónica dos ascensores e detección de incendios, así como a falsos teitos e parámetros de escaiola, dándolles

CVE-PREPAR: 76c393f1-2919-9b14-0ed4-ac4445ed5136



traslado dos mesmos a correspondente compañía de seguros.

Non se viu afectada nin a actividade asistencial, nin a programada nin a urxente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 13:18:36



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 13:18  
Nº Rexistro: 24872

Data envío: 01/02/2018 13:18:30.926

Data 01/02/2018 13:18

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13012**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e dona Paula Vázquez Verao, sobre “**á atención das demandas das e dos profesionais sanitarios do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos**”, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As demandas dos traballadores son analizadas e tratadas no momento en que se reciben en cada centro, tanto cos propios traballadores como cos órganos de participación e representación dos mesmos.

A distribución de persoal nas diferentes unidades faise en función das cargas de traballo dentro dos estándares do SERGAS e do Sistema Nacional de Saúde, e sempre que se precise redefínense e aumentanse cando é preciso polas cargas asistenciais.

No caso do hospital de Monforte, os índices de absentismo non aumentaron respecto dos anos anteriores para os colectivos de Enfermaría e Auxiliares de Enfermaría. Tamén queremos sinalar que non hai diferenza no comportamento das Incapacidades Transitorias nas diferentes unidades do hospital.

Todos os postos de traballo teñen feita a correspondente avaliación de riscos e ademais o hospital conta cunha Unidade propia de Prevención de Riscos Laborais na que traballan un médico, unha enfermeira e un técnico especialista en riscos laborais. Esta unidade está a

CVE-PREPAR: 20b84c56-3817-9936-4325-f503b4f5e5cb6

disposición de todos os traballadores non só para avaliación de riscos dos postos de traballo, senón tamén para atender as súas demandas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 13:18:26



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13014**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a necesidade de reforzar os servizos de urxencias, emerxencias e traslados”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Todos os anosponse en marcha unha serie de medidas cara a campaña da gripe, pois ademais das medidas de prevención e dos dispositivos desenvolvidos en atención primaria por mor desta patoloxía, prodúcese un aumento da frecuentación dos servizos de urxencias hospitalarias.

O Servizo Galego de Saúde elabora anualmente os '**Plans de Continxencia**' para a época da gripe, que se elaboran no mes de outubro por cada Xerencia de Xestión Integrada e son remitidos á Dirección xeral de Asistencia Sanitaria. Neles recóllense e planifícanse as accións a levar a cabo nas distintas EOXIs a fin de:

- Controlar as consecuencias debidas á propagación da onda de infección.
- Evitar que se produzan abrochos dentro dos centros sanitarios.
- Planificar os posibles picos de demanda nos diferentes dispositivos asistenciais.
- Prestar a mellor asistencia posible pacientes con gripe tratando de minimizar a incidencia sobre o funcionamento dos centros sanitarios.
- Describir os procedementos alternativos ao orden habitual da organización co fin de permitir ao máximo o normal funcionamento, contemplando a necesidade de

habilitación de espazos específicos e habilitación de recursos tanto estruturais como de persoal (camas, reforzos de profesionais,...) segundo vaian crescendo as necesidades asistenciais durante esta época invernal.

Hai que ter en conta ademais que aos servizos de urxencias hospitalarias acoden tamén pacientes con outras patoloxías non respiratorias, polo que aínda que é posible planificar a demanda pola

onda de gripe, a entrada nos servizos de urxencias está sempre suxeita a cambios e circunstancias non previstas, o que engadido á descontinuidade característica da demanda urxente, pode provocar momentos punta de demanda.

Por outro lado, cómpre sinalar que a atención urxente de pacientes leva consigo a necesidade de dispoñer de dispositivos que permitan a selección de pacientes en función da gravidade das doenzas que presentan, proceso clave para a adecuada atención da demanda urxente, isto é a '**Triaxe**', que se leva a cabo por persoal sanitario en todos os servizos de urxencias hospitalarias de rede pública de Galicia, concretamente a 'Triaxe Manchester' de utilización internacional, que clasifica aos pacientes en función da gravidade e necesidade de asistencia segundo un código de cores (vermello, laranxa, amarelo, verde, azul e branco) e marca uns tempos de estándar de asistencia diferentes segundo este código de cores. Posteriormente en función desta selección, distribúense os pacientes entre as distintas áreas dos servizos de urxencias, sendo valorados polo facultativo en función dos niveis desta clasificación (Triaxe), e non segundo a hora de chegada ao Servizo de Urxencias.

Os tempos de triaxe no Servizo galego de Saúde son mínimos, acadando en xaneiro de 2017 un tempo medio de **1 minuto e 48 segundos**.

Desta forma, con esta clasificación internacional, asegúrase que os pacientes críticos e urxentes sexan atendidos antes de aqueles que non o son.

Se temos en conta a actividade dos Servizos de urxencias no mes de xaneiro no 2017, o número de urxencias atendidas nos centros hospitalarios foi de **87.762**

Os profesionais dos Servizos de Urxencias non traballan con pacientes programados, senón



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2018 13:18**  
**Nº Rexistro: 24871**  
Data envío: 01/02/2018 13:18:20.911

a demanda, sen discriminación das patoloxías e da gravidade dos paciente que a eles acoden, sendo a porta de entrada das emerxencias e situacións de risco vital, cada día, entendemos a 'presión' que supón o traballo nun servizo de urxencias.

Os Servizos de Urxencias dos hospitais públicos de Galicia, contan con profesionais de alta cualificación e formación así como con infraestrutura e equipamento de calidade, traballando con protocolos e sistemas de información que permiten o desenvolvemento do seu traballo nas mellores condicións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 13:18:16



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13060** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a responsabilidade da Xunta de Galicia en relación á situación da deficiente depuración no concello de Barreiros”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Dentro das súas competencias e, concretamente, en relación co saneamento de Barreiros, Augas de Galicia asinou o contrato para a redacción do proxecto construtivo para a fase 1 de mellora e ampliación das infraestruturas de saneamento e abastecemento en Barreiros. Como resultado deste contrato, redactouse o proxecto, que en abril de 2017 obtivo informe de supervisión favorable de Augas de Galicia.

Actualmente, seguese a traballar co concello, que é o que ten as competencias e coñece as posibles deficiencias do sistema, para analizar as actuacións que se consideren prioritarias. Para isto, estase tramitando a redacción do proxecto construtivo denominado ‘Nova EDAR de San Miguel de Reinante’.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:09:38



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13137**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo goberno galego do inicio da segunda fase de Rozas”**, (publicada no BOPG número 159 do 07 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta número 5222, de igual contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 192, do 13 de outubro de 2017, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 14:22:57



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13160**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Moisés Blanco Paradelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego do inicio do programa de Unidades Mixtas de Investigación”**, (publicada no BOPG número 159 do 07 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O traballo que desenvolven as Unidades Mixtas de Investigación está a permitir que o talento e a ciencia saian do laboratorio e se instalen na industria, no marco da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3).

En concreto, esta iniciativa favorece o traballo en común entre as empresas e os centros de coñecemento, a través do modelo de colaboración público privada, para impulsar a transferencia da I+D+i ao tecido industrial galego, así como a atracción de compañías foráneas que son líderes nos seus respectivos sectores, facilitando deste xeito un ecosistema de innovación atractivo para investir en Galicia.

Desde a súa posta en marcha en 2014 puxéronse en marcha 30 unidades mixtas protagonizadas por centros de coñecemento galegos e empresas líderes como Gas Natural-Fenosa, Repsol, Roche Farma, Laboratorios del Dr. Esteve, Coren, Calvo, Jealsa Rianxeira, Navantia, Vulcano, Borgwarner, Telefónica Digital España ou Grupo COPO. Estes proxectos reciben un apoio público de 28 millóns de euros que mobilizará, en total, 94 millóns, dando emprego a 450 profesionais.

Polo tanto, as unidades mixtas representan unha peza máis da estratexia dirixida a implantar na comunidade galega un novo modelo industrial que aporte emprego cualificado e crecemento económico e mellore a nosa competitividade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 12:49:43





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13162**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Moisés Blanco Paradelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego da posta en marcha da Estratexia RIS3”**, (publicada no BOPG número 159 do 07 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta número 7792, de igual contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 192, do 13 de outubro de 2017, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 12:49:33



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 13:18  
Nº Rexistro: 24870

Data envío: 01/02/2018 13:18:11.614

Data 01/02/2018 13:18

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13209**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o tratamento dos presos afectados con Hepatite C**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde presta a atención sanitaria requirida para os pacientes reclusos en institucións penitenciarias con infección crónica polo virus da hepatite C, incluíndo nesa atención o diagnóstico, a valoración do paciente, indicación de tratamento e posterior seguimento.

En canto, ao subministro da medicación é competencia de Institucións penitenciarias levalo a cabo. Feito que quedou de manifesto por sentenza do Xulgado Contencioso administrativo.

Esta situación queda perfectamente reflectida no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Institucións Penitenciarias firmado no mes de abril de 2016. Nos compromisos recollidos no citado texto establécese que o Servizo galego de Saúde pon a disposición do centros penitenciarios ubicados na nosa Comunidade todos os seus medios e dispositivos asistenciais, co fin de desenvolver a cooperación necesaria en relación a estes pacientes reclusos infectados polo virus da Hepatite C e co fin de colaborar no seguimento destes pacientes.

Incluso antes da formalización do Convenio do mes de abril de 2016, xa temos asistido e tratado pacientes cos recursos asistenciais e medicamentos subministrados por parte do Servizo Galego de Saúde.

Polo tanto, calquera usuario con hepatitis C Crónica que se atope en institucións penitenciarias e susceptible de tratamento, ten garantida a atención sanitaria polos facultativos do Servizo Galego de Saúde con experiencia no manexo desta enfermidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 13:18:07



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 13:18  
Nº Rexistro: 24869

Data envío: 01/02/2018 13:18:02.348

Data 01/02/2018 13:17

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13212**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o proxecto de reubicación dos servizos do Hospital Gil Casares**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nestes momentos está en fase de redacción o Plan Funcional e nos orzamentos do 2018 existe partida orzamentaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 13:17:57



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 13:17  
Nº Rexistro: 24868

Data envío: 01/02/2018 13:17:52.098

Data 01/02/2018 13:17

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13214**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o mantemento dos capeláns no Servizo Galego de Saúde**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación aos servizos relixiosos no Sergas seguiranse a aplicar os convenios asinados co Arzobispado tal e como se vén facendo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 13:17:47



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13216**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a exucución do proxecto e obra do novo centro de saúde de O Vinteún, en Ourense”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación ao centro O Vinteún, asinouse o 9 de xaneiro de 2009 un protocolo de cooperación entre o Sergas e o Concello de Ourense onde se establecían as bases para a futura construción dun novo centro de saúde no Barrio de O Vinteún. Como consecuencia deste protocolo o concello cedeu o Sergas, en escritura pública o 5 de maio de 2011, un terreo nesta zona.

En relación á finca en cuestión, o 20 de setembro de 2011 o propio Concello de Ourense nos comunicou a interposición dun recurso, no Procedemento ordinario 239/2011, seguido no Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Ourense, contra o Acordo do 2 de marzo de 2011 da Xunta do Goberno Local, do Concello de Ourense, polo que se concedía a licenza de obra para a construción do Centro de Saúde. A sentenza recaída o 26 de febreiro de 2013 estima o recurso anulando o referido Acordo, revocándoo e deixándoo sen efecto.

O Concello de Ourense presentou Recurso de Apelación que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestimou.

Posteriormente, o 26 de novembro de 2013, a interesada no recurso anterior nos informa da inviabilidade da concesión dunha nova licenza, dado que a Area de Reparto á que pertence a parcela cedida está sen desenvolver urbanísticamente, non se produciu equidistribución nin reparcelación, sendo a adquisición inicial por parte do Concello de Ourense de ocupación directa en proxecto de equidistribución.

Polo que para seguir co proxecto e evitar calquera prexuízo en futuras inversións na parcela

recorrida, o Concello debe proceder a subsanación de calquera problema que poida xurdir en relación ao predio en cuestión.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 13:17:37



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 13:17  
Nº Rexistro: 24865

Data envío: 01/02/2018 13:17:32.785

Data 01/02/2018 13:17

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13218**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a execución do proxecto e obra do novo Centro de Saúde de Ribadavia”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Xerente do Sergas na Comisión 5ª que tivo lugar o 15 de novembro de 2017, na que informaba sobre as actuacións de mantemento levadas a cabo no actual Centro de Saúde de Ribadavia así como sobre a situación na que se atopa a futura construción do novo Centro de Saúde de Ribadavia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 13:17:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 24905

Data envío: 01/02/2018 16:22:58.153

Data 01/02/2018 16:22

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13221**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o tratamento da hepatitis C**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade a través da súa plataforma E-Saúde informa sobre os distintos aspectos da enfermidade da hepatitis C, en concreto sobre que é, cómo se transmite, a quen lle pode afectar, cales son os seus síntomas o seu diagnóstico e o seu tratamento.

O cantidade de 130 millóns de euros inclúe o gasto do exercicio 2015 e a previsión para o 2016. O gasto de 2015 foi de 77,8 millóns de euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 16:22:52





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 24904

Data envío: 01/02/2018 16:22:47.372

Data 01/02/2018 16:22

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13223**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a execución do proxecto e obra do novo centro de saúde da Illa de Arousa”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O expediente de licitación para a contratación das obras do Centro de Saúde da Illa de Arousa está publicado e pode consultarse na páxina web do Sergas. O prazo de ofertas rematou o 2 de xaneiro de 2018.

A Illa de Arousa é un concello que conta cunha poboación de 4.909 habitantes (INE 2016), estable nos últimos 10 anos.

Para a asistencia ordinaria desta poboación, o Sergas conta cun Centro de Saúde no que prestan asistencia 3 médicos de familia, 1 pediatra, 3 enfermeiras e 2 PSX. A atención continuada préstase no PAC de Cambados. O número de TIS por profesional do Centro de Saúde está entre 1.300 e 1.400 e o pediatra 489. A actividade realizada non reflicte diferencias significativas no verán, manténdose un comportamento similar.

Consideramos que a atención sanitaria da Illa de Arousa é adecuada e se garantiza a súa calidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 16:22:42



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 24903

Data envío: 01/02/2018 16:22:37.341

Data 01/02/2018 16:22

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13228**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a convocatoria dunha OPE para as prazas do SERGAS actualmente cubertas con persoal interino”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No pasado mes de abril demos un paso importante, coa sinatura do Plan de Estabilidade do Emprego e Provisión do Persoal Estatutario do Sergas 2017-2018, no que plasmamos o noso compromiso de reducir a temporalidade no Servizo Galego de Saúde, e que permitirá reducir ata o 5% a porcentaxe que representa o persoal eventual.

Obxectivo que se sitúa ata tres puntos por debaixo do asumido a nivel nacional polo Ministerio de Hacienda, do 8%. Galicia foi das primeiras comunidades en impulsar un Plan de Estabilidade para asentar as plantillas e mellorar así a calidade asistencial.

Polo que se refire a OPE, a través do Decreto 125/2017, do 30 de novembro, foi aprobada a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do SERGAS. (1.616 prazas). Así mesmo, no horizonte 2017-2020, a través de novas ofertas, ao redor de 5.000 persoas poderán acceder a unha praza estable.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 16:22:33



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13366** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**a conveniencia, por razóns económicas, de trasladar ás persoas maiores e dependentes de Rianxo a centros de día en vilas da contorna**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta o Xerente do Consorcio de Igualdade e Benestar á pregunta 13133 do mesmo contido na Comisión 5ª celebrada o 14 de setembro de 2017 e no Pleno do día 12 de setembro de 2017 na resposta do conselleiro á pregunta 15236.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 9:31:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13564** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as dificultades de acceso e atención no sistema sanitario que teñen as persoas xordas”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade segue a traballar nas medidas necesarias para facilitar o acceso ao sistema sanitario e mellorar a atención de todas as persoas.

Pola súa banda, a Consellería de Política Social ten previsto nos seus orzamentos do 2018 un convenio nominativo por un importe de 759.826,00 € coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (en adiante FAXPG).

Este convenio ten por obxecto como en anos anteriores contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social do mantemento de FAXPG e das actividades e servizos que desenvolve. Entre os servizos que realiza esta federación encontrase:

1.- O Servizo de Atención a Persoas Xordas, Xordocegas e con Discapacidade Auditiva (SAPS) ten como finalidade mellorar o desenvolvemento e a autonomía persoal das persoas xordas e xordocegas.

2.- O Servizo de Intérpretes de Lingua de Signos Española e Guías- Intérpretes (SILSE-GI) ten como finalidade mellorar as condicións de participación e igualdade de oportunidades das persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva, a través da eliminación de barreiras de comunicación permitindo a comunicación entre estas e as persoas oíntes, no desenvolvemento das actividades da vida diaria.

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) contratará a Intérpretes de Lingua de Signos para atender as demandas de comunicación das persoas xordas, xordocegas

e con discapacidade auditiva de toda Galicia, favorecendo a súa independencia na realización de xestións persoais.

A FAXPG prestará servizos de intérpretes de proximidade con intérpretes de lingua de signos, lideradas por unha coordinación de área, nas axencias FAXPG distribuídas polo territorio galego, que atenderán as demandas dos usuarios/as en colaboración coas asociacións afiliadas á FAXPG .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 10:45:34



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13599**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que vai adoptar o goberno galego para garantir a presenza da lingua galega no total dos informativos da CRTVE e nos investimentos realizados en materia de produción audiovisual”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego exerce a súas funcións de conformidade coas competencias que ten atribuídas no Estatuto de Autonomía e o resto da normativa de aplicación. Así, de acordo co artigo 34 do Estatuto de Autonomía de Galicia, corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia as competencias canto á regulación, creación e mantemento da súa propia radio e televisión, no marco das normas básicas do Estado.

É, precisamente, o principio de competencia o que determina a existencia de responsabilidades ás administracións polas funcións que teñen atribuídas.

O que non pode a Xunta de Galicia, é inmiscuirse nas competencias que corresponden á Administración Xeral do Estado. Neste senso, o Goberno galego -e por extensión a Autoridade Audiovisual de Galicia- non ostentan ningunha potestade sobre a Corporación de Radio y Televisión Española para o que, por outra banda e como é sabido, existe a nivel estatal unha

Comisión parlamentaria mixta, a través da cal se exerce un control da CRTVE, e se poden esixir responsabilidades canto ao cumprimento das súas obrigas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 10:32:30



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2018 12:12  
Nº Rexistro: 25485

Data envío: 07/02/2018 12:12:39.350

Data 07/02/2018 12:12

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13735** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia do estado de conservación e coidado da enseada dos Pasales”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 18.01.2018- ao darlle resposta á pregunta 2899 sobre o memo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:12:34



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13835**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as máis, sobre **“os motivos do goberno galego para non seguir celebrando xuntanzas periódicas coas organizacións sindicais para alcanzar novos acordos retributivos para o Sergas”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En diferentes mesas sectoriais tratouse cos representantes dos traballadores sobre os acordos e pactos de melloras retributivas que, desde o ano 2009, quedaron suspendidos nas leis de presupostos ao fío da crise económica.

Hai dereitos que se foron recuperando nesta última lexislatura como a devolución da paga extra de decembro de 2012, a suba do 1% das retribucións no 2016, a devolución do complemento específico adicional de xaneiro e febreiro de 2013 e a recuperación dos días de libre disposición máis os días adicionais de vacacións.

Na Lei de Orzamentos do ano 2017 contemplouse recuperar os complementos específicos adicionais das pagas extras de xuño e decembro, así como un incremento do 1% máis de subida nas retribucións.

Así mesmo adoptáronse outras medidas de mellora das condicións de traballo: opes anuais, un plan de estabilidade para reducir os índices de temporalidade, un novo pacto de contratación, o concurso de traslados aberto e permanente...

Na lei de orzamentos para o ano 2018, e de conformidade coa futura lei de orzamentos do Estado, contemplase unha suba salarial do 2% as retribucións de todos os empregados públicos, e na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, no seu artigo 6. ‘Protección da maternidade e paternidade’ recolle unha ampliación da duración dos permisos de maternidade e paternidade, o aboamento do

promedio da atención continuada derivada da prestación de gardas, noites e festivos, nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e lactancia.

Así mesmo, acordouse cos sindicatos da mesa sectorial sentar as bases do sistema ordinario de carreira profesional para todos os colectivos de persoal estatutario, cun compromiso de recoñecemento de novos graos no ano 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 10:32:09



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 10:32  
Nº Rexistro: 24773

Data envío: 01/02/2018 10:32:04.703

Data 01/02/2018 10:31

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13841**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as máis, sobre **“a situación actual da Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil da área sanitaria de A Coruña”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En liña coas indicacións da Rede Europea de Recomendacións por a Saúde Mental, leváronse a cabo diferentes estratexias para potenciar a atención á Saúde mental dos menores, o que incluíu a creación dunha Unidade de Hospitalización Infanto Xuvenil na EOXI de Santiago, con 7 prazas, de referencia para os ingresos por patoloxía psiquiátrica de especial gravidade en menores de 16 anos de toda Galicia.

A Comunidade autónoma conta ademais con 8 dispositivos de atención a Saúde Mental Infanto Xuvenil ambulatorios, todos eles integrados funcionalmente no SERGAS. A rede conta cun total de 13 psiquiatras e 14 psicólogos (taxa de 4,5 psicólogos por 100.000 habitantes menores de 15 anos), entre outro persoal.

En concreto, na área de Santiago de Compostela, onde se sitúa a Unidade de Hospitalización, cóntase con 3 psiquiatras e 3 psicólogos para a atención da poboación infantoxuvenil, ademais dun apoio semanal para a atención de rapaces con problemas conductuais nun centro dependente da Consellería de Educación. A asistencia está baseada nunha abordaxe multidisciplinar e de optimización de recursos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 10:31:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 11:47  
Nº Rexistro: 24824

Data envío: 01/02/2018 11:47:59.544

Data 01/02/2018 11:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13865**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as máis, sobre **“a desigualdade entre mulleres e homes na diagnose e tratamento dos problemas de saúde”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Servizo Galego de Saúde préstase asistencia sanitaria sen discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 04b28b58-5618-1f65-1474-6735717f4a35



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 11:47:53



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13867**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **o potencial padecemento, por parte das mulleres coidadoras de persoas dependentes, da "síndrome do traballador queimado", ou "burnout"**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 6267 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 13:17:18



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13875**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as máis, sobre **“o custo que ten para a persoa usuaria o servizo de asistencia sanitaria telefónica”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Co sistema instaurado no ano 2008 só se ofertaba a posibilidade de solicitar cita previa para o médico de familia, chamando a un dos dous números 902 que existían.

Os cidadáns podían chamar a un destes números, o que supoñía un alto custo, ou aos centros de saúde, que atenden en horario laboral, e que tiñan un alto grao de saturación nas súas liñas telefónicas.

Dende xuño de 2012, neste novo servizo intégranse todos os teléfonos de atención ao público, desta forma, o cidadán elixe o medio que lle resulte máis cómodo e económico para pedir cita:

- Chamar ao seu centro.
- Chamar ao 902 077 333 en calquera franxa horaria, os 7 días da semana.
- Páxina web do Sergas ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), tamén dispoñible para o cidadán as 24 horas do día, os 7 días da semana.

Na actualidade, ademais dos servizos de cita previa en atención primaria, médico de familia e pediatra que xa se ofrecían, tamén dispón dos servizos de enfermería, odontoloxía, matrona, analíticas, vacinas e actos varios, como por exemplo a cita para a primeira visita do neno ao odontólogo.

Outro servizo dispoñible é a solicitude de retraso ou anulación de citas hospitalarias, e acceder á consulta telefónica (chamadas de orientación clínica ao paciente por parte do persoal sanitario da Fundación Pública Urgencias Sanitarias-061).



Todos os teléfonos de cita previa dos centros de saúde funcionan agora como unha única centraliña coordinada con este teléfono único, garantindo un custo para o cidadán de chamada local e permitíndolles aforros nas súas chamadas.

O teléfono único implica ao persoal propio dos centros na petición de cita telefónica; este persoal é o primeiro ao que se dirixen as chamadas dos pacientes para solicitar unha cita. Co obxectivo de dar sempre resposta ao usuario, en caso de que os centros de saúde non poidan atender unha chamada é derivada ao sistema de recoñecemento de voz (IVR). Se non é posible resolvelo mediante este sistema, en último caso diríxese a operadores externos.

Este teléfono está integrado co servizo de cita previa en atención primaria da páxina web do Sergas ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), tamén dispoñible para o cidadán as 24 horas do día os sete días da semana.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 11:47:38



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 11:47  
Nº Rexistro: 24822

Data envío: 01/02/2018 11:47:33.528

Data 01/02/2018 11:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13881**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as máis, sobre **“a paralización da realización de retinografías aos pacientes da contorna de Carballo por causa de non substituír o profesional de atención primaria que viña realizando a proba”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O número de profesionais que se formaron foi de 3 profesionais de enfermaría familiar e comunitaria, que xunto co profesional que contaba ca formación e xa desenvolvía esta técnica no Centro de Saúde de Carballo, fan un total de 4 profesionais formados no Servizo de Atención Primaria de Carballo.

Foron necesarias dúas xornadas para levar a cabo a formación mínima e necesaria para levar a cabo a técnica de retinografía completa.

Estas profesionais non tiñan como finalidade a cobertura da baixa laboral do profesional en incapacidade temporal, senón que se desprazaron a impartir esta formación, actividade que está dentro da práctica profesional desta categoría sanitaria. A asistencia nos seus centros de orixe desenvolveuse con absoluta normalidade.

A retinografía é unha técnica incorporada á práctica habitual da enfermaría e forma parte das actividades preventivas e de seguimento ‘normal’ con pacientes con determinadas patoloxías crónicas, levadas a cabo polo equipo asistencial de atención Primaria de xeito integrado.

En ningún momento a actividade do PAC de Carballo veuse afectada por esta actividade, xa que os Puntos de Atención Continuada (PAC) son os dispositivos onde se desenvolve a atención urxente extra hospitalaria e foron creados para dispensar atención inmediata a aquelas patoloxías máis graves, fora do horario de funcionamento dos Centros de Saúde, pero en ningún caso, para levar a cabo actos asistenciais que son perfectamente asumibles dentro dunha programación

ordinaria e que se realizan de xeito integrado na asistencia realizada polos profesionais habituais e que fan un seguimento axeitado da evolución do paciente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 11:47:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 11:47  
Nº Rexistro: 24821

Data envío: 01/02/2018 11:47:18.747

Data 01/02/2018 11:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13883**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as máis, sobre “**o nivel de cumprimento dos tratamentos da hepatitis C en reclusos nos centros penitenciarios de Galicia**”, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde presta a atención sanitaria requirida para os pacientes reclusos en institucións penitenciarias con infección crónica polo virus da hepatitis C, incluíndo nesa atención o diagnóstico, a valoración do paciente, indicación de tratamento e posterior seguimento.

En canto, ao subministro da medicación é competencia de Institucións penitenciarias levalo a cabo. Feito que quedou de manifesto por sentenza do Xulgado Contencioso administrativo.

Esta situación queda perfectamente reflectida no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Institucións Penitenciarias firmado no mes de abril de 2016. Nos compromisos recollidos no citado texto establécese que o Servizo galego de Saúde pon a disposición do centros penitenciarios ubicados na nosa Comunidade todos os seus medios e dispositivos asistenciais, co fin de desenvolver a cooperación necesaria en relación a estes pacientes reclusos infectados polo virus da hepatitis C e co fin de colaborar no seguimento destes pacientes.

Incluso antes da formalización do Convenio do mes de abril de 2016, xa temos asistido e tratado pacientes cos recursos asistenciais e medicamentos subministrados por parte do Servizo Galego de Saúde.

Polo tanto, calquera usuario con hepatitis C Crónica que se atope en institucións penitenciarias e susceptible de tratamento, ten garantida a atención sanitaria polos facultativos do Servizo Galego de Saúde con experiencia no manexo desta enfermidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 11:47:11



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 11:47  
Nº Rexistro: 24820

Data envío: 01/02/2018 11:47:05.263

Data 01/02/2018 11:46

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13892**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a garantía do mesmo nivel de atención sanitaria en Galicia durante o verán que o resto do ano”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención sanitaria en Galicia está garantida durante todo o ano, polo que non é diferente no verán.

A planificación sanitaria conleva a xestión e adecuación dos recursos ás necesidades asistenciais. Así, o Servizo Galego de Saúde planifica, todos os anos, a adecuación dos recursos asistenciais no período estival tendo en conta o decrecemento da demanda asistencial, motivado pola diminución da morbilidade estacional de determinadas patoloxías así como os datos obxectivos achegados por distintos indicadores asistenciais e de actividade.

Nesta mesma liña de planificación, o Servizo Galego de Saúde realiza a oportuna xestión das ausencias do persoal tendo en conta a demanda asistencial, en garantía da saúde da cidadanía.

Cómpre engadir que este tipo de planificación e xestión sanitaria non é una peculiaridade do noso Sistema, senón que se trata de algo que se fai tamén todos os anos en todos os Servizos de Saúde.

En base aos criterios e indicadores de planificación asistencial relatados anteriormente, durante o período estival do ano 2016 o número de camas que estiveron funcionantes no Servizo Galego de Saúde foi de 87,94%, e a porcentaxe de ocupación durante estes meses foi do 75%.

Neste ano 2017 durante os meses de verán a porcentaxe de camas funcionantes foi de 88,93% , un punto porcentual máis cá no mesmo período do ano anterior.

CVE-PREPAR: 8114efb1-0151-3475-26f4-5d42411d3518



É necesario puntualizar que aínda que a porcentaxe de camas funcionantes é superior ao de ocupación de anos previos, este poderíase incrementar se a demanda asistencial así o precisase.

A porcentaxe media de ocupación durante todo o ano 2016 foi do 76,64%.

Destacar que a sanidade e por tanto as necesidades asistenciais son procesos dinámicos. Dito isto, contrataranse o número de profesionais que sexan necesarios en cada momento para garantir a asistencia sanitaria nos centros.

Sempre que existe unha necesidade asistencial, as diferentes EOXI, conforme á súa autonomía de xestión, utilizan as listas de contratación para formalizar todos os nomeamentos que son necesarios, máxime no período estival, no que hai que conciliar o dereito as vacacións do persoal coa atención á poboación.

Tal e como se expuxo anteriormente, é a nosa responsabilidade adoptar as medidas de xestión pertinentes para garantir a asistencia sanitaria. Neste sentido, o SERGAS contrata todo o persoal que, obxectivamente, é necesario para manter a actividade asistencial dos nosos centros sanitarios.

Polo tanto, a xestión das ausencias e planificación das substitucións realízanse tendo en conta a demanda asistencial, é dicir, substitúense con persoal eventual o 100% das ausencias que se precisen, en función das necesidades de cada centro.

Proba de que a Administración substitúe no período de vacacións, é que se esgotan as listas de dispoñibles, especialmente enfermaría e médicos de familia.

A xestión dos recursos humanos no SERGAS faise co criterio de garantir a asistencia sanitaria precisa, segura e de calidade en todos os ámbitos da atención: centros hospitalarios, de atención primaria e puntos de atención continuada.

Cómpre puntualizar que as camas hospitalarias non se pechan, as camas hospitalarias están todas dispoñibles de acordo coas necesidades de hospitalización dos pacientes en cada momento.

O SERGAS leva a cabo unha planificación sobre cal será a ocupación prevista de camas durante a época de verán tanto por ingresos médicos como os derivados da actividade cirúrxica. Esta planificación elabórase tras un estudo no que se ten en conta a frecuentación das distintas áreas hospitalarias e en cada área sanitaria concreta, en períodos similares anteriores.



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 01/02/2018 11:47  
**Nº Rexistro: 24820**  
Data envío: 01/02/2018 11:47:05.263

No caso de hospitalización, mantéñense operativos un 10-12 % máis de recursos dos que se prevé que van ser necesarios e o resto estarán dispoñibles en todo momento.

En resúmen, a adecuación dos recursos asistenciais expónse como un conxunto de medidas de xestión que, garantindo a asistencia sanitaria aos usuarios, adaptación á realidade estival e preserva a eficiencia do noso sistema sanitario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 11:47:00



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 11:46  
Nº Rexistro: 24819

Data envío: 01/02/2018 11:46:52.263

Data 01/02/2018 11:46

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13894**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a existencia dunha estratexia definida para mellorar o tratamento integral da fibromialxia”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Tanto na Consellería de Sanidade como no Servizo Galego de Saúde vense traballando para acadar unha atención integral de calidade ás persoas diagnosticadas de fibromialxia.

Constituíse un grupo de traballo multidisciplinar de profesionais do ámbito da atención primaria e hospitalaria, expertos no manexo de pacientes con fibromialxia, co obxectivo de elaborar un documento de consenso de atención á fibromialxia.

Este grupo de traballo desenvolveu o Proceso asistencial integrado de atención á fibromialxia, que concreta, de maneira clara e precisa, a sistemática de atención a estas/estes pacientes, coordinando os distintos profesionais implicados en todos os niveis asistenciais, para minimizar os tempos de espera, facilitar a continuidade asistencial e basear a práctica clínica na mellor evidencia científica dispoñible.

O documento do Proceso asistencial integrado de atención á fibromialxia publicouse no ano 2013 e presentouse en todas as Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIs). Así mesmo, está dispoñible para os profesionais implicados na atención a pacientes con fibromialxia na Intranet da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde ([http://intranet/DOCUMENTOSAsistencia%20Sanitaria/201311/PAI\\_FIBROMIALGIA\\_261113\[1\]\\_20131128\\_110817\\_4381.pdf](http://intranet/DOCUMENTOSAsistencia%20Sanitaria/201311/PAI_FIBROMIALGIA_261113[1]_20131128_110817_4381.pdf)), e para a cidadanía en xeral na extranet da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde (<http://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/625/Proceso%20asistencial%20integrado%20de%20atenci%c3%b3n%20c3%a1%20fibromialxia.pdf>).

Outro aspecto que favorece a mellora na abordaxe das enfermidades é a participación das/dos cidadás/cidadáns na xestión do Sistema Público de Saúde, que no caso da fibromialxia está representada por distintas asociacións no Consello Asesor de Pacientes.

Na procura de poder identificar ás/aos pacientes afectadas/os por fibromialxia en Galicia, no mes de maio de 2013 realizouse unha petición expresa por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, á Unidade Técnica de Codificación con CIAP-2 (Clasificación Internacional de Atención Primaria) do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa intención de codificar dunha forma máis certa a estas persoas. O Ministerio procedeu a desdobrar un código diagnóstico inespecífico previo, coa fin de identificar correctamente a través dos sistemas de información corporativos ás/aos pacientes xa diagnosticadas/os desta patoloxía na historia clínica electrónica (IANUS en Galicia).

Este código quedou reflectido no Proceso asistencial integrado de atención á fibromialxia do Servizo Galego de Saúde para fomentar a identificación inequívoca destas persoas. Desde esta data ata o 31 de decembro de 2016, están correctamente identificados en IANUS un total de 6.454 pacientes (6.239 mulleres e 215 homes).

No que respecta á consideración da fibromialxia a efectos de incapacitación laboral, é competencia do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).

Na actualidade a adaptación ou cambio de posto de traballo por razóns de protección da saúde no Servizo Galego de Saúde, está regulada pola seguinte normativa:

- A Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais, no seu artigo 25 establece a obriga empresarial de garantir de xeito específico a protección dos e das traballadores/as que polas súas singulares características persoais, ou estados biolóxicos coñecidos, sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo.
- A Consellería de Sanidade establece na Orde do 16 de setembro de 2008 o procedemento para a adaptación de postos e condicións de traballo por razóns de protección da saúde e da maternidade nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Esta Orde modificouse no artigo 5 pola Orde do 8 de novembro de 2012.
- A Orde do 8 de novembro de 2012, establece no seu Artigo único, que modifica o Artigo 5º da Orde do 16 de setembro de 2008: 'as actuacións de adaptación das condicións de traballo, ou de adscrición temporal a outro posto de traballo, adoptaranse cando e na medida en que sexa preciso para garantir a seguridade e saúde do/a traballador/a, con



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

aplicación pola súa orde dos criterios establecidos nos artigos 33 e 34 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo'.

Na actualidade, no Instituto de Investigación Sanitaria (IDIS) de Santiago de Compostela existe un equipo de profesionais pertencentes ao grupo de neurociencia cognitiva do **Grupo de Investigación en Neurociencias** que está a traballar nun proxecto que ten como obxectivo a **avaliación neuropsicolóxica e psicofisiolóxica de persoas con fibromialxia** (<http://www.idisantiago.es/neurociencias/>).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 11:46:47



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 13:17  
Nº Rexistro: 24861

Data envío: 01/02/2018 13:17:05.160

Data 01/02/2018 13:16

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- número 13900, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “**se a mellora do sistema sanitario público podería contribuír a evitar que os pacientes acudan aos practicantes de técnicas non científicas**”, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Sistema Público de Saúde de Galicia está configurado por diversos principios reitores, dos que hai que destacar, por un lado, a calidade do servizo que se presta e, por outro, a acreditación e avaliación continua dos propios servizos.

A calidade ten como finalidade a de outorgar seguridade na atención clínica e na organización dos servizos sanitarios e a acreditación e avaliación teñen como fin último dispor de centros, establecementos e servizos controlados e garantidos pola Inspección de Servizos Sanitarios.

En definitiva a administración sanitaria ten establecido un réxime de autorizacións de funcionamento de centros, establecementos e servizos que ao facerse públicos garanten que todas as persoas poidan comprobar que un determinado centro dispón ou non de autorización.

A Consellería de Sanidade ten publicada na súa páxina web ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) a relación de centros, establecementos e servizos que dispoñen de autorización, polo que calquera persoa pode coñecer en calquera momento a realidade dun centro sanitario.

Por outro lado, a Inspección de Servizos Sanitarios realiza a comprobación de que os centros, establecementos e servizos dispoñen de autorización de forma continuada, actuando igualmente nos casos en que ten coñecemento da realización de actividades sen o control adecuado.

A eficiencia do Sistema Público de Saúde de Galicia é ben coñecido polos usuarios e así o manifestan nas enquisas que se publican. En todo caso, a mellora dos obxectivos de calidade e de

CVE-PREPAR: 5d2ebeb22-70c0-7b47-b385-cb1d573a07d7



transparencia é unha finalidade propia da administración sanitaria que contribúe a incrementar a confianza dos usuarios no sistema.”


Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 16:21:47



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2018 12:10  
Nº Rexistro: 25108

Data envío: 05/02/2018 12:10:51.537

Data 05/02/2018 12:10

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 14244**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“a xestión da apertura do centro de saúde do Couto (Ourense)”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de O Couto (Ourense) entrou en funcionamento o 27 de novembro de 2017, unha vez executadas as obras de urbanización do entorno que foron imprescindibles para a concesión da licenza de ocupación.”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 12:10:46



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2018 12:10  
Nº Rexistro: 25107

Data envío: 05/02/2018 12:10:40.896

Data 05/02/2018 12:10

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 14266**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“o modo no que ten previsto a Xunta de Galicia reducir a lista de agarda no Servizo de Ciruxía Pediátrica do CHUOU”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En outubro de 2013 o Sergas puxo en marcha unha Área de Servizo Compartido de Ciruxía Pediátrica para a Zona Sur de Galicia, formada polos complexos hospitalarios de Ourense e Vigo, co obxectivo de reforzar esta prestación no CHUO.

A Sección de Ciruxía Pediátrica do CHUO rexistra unha actividade cirúrxica, programada e urxente, dunhas 200 intervencións anuais (186 en 2016), o que representa a práctica totalidade da demanda cirúrxica e de consultas que se rexistra.

Para asumir esta actividade, ata febreiro do pasado ano, o CHUO contaba con dous cirurxiáns pediátricos propios, a tempo completo, co apoio dos servizos de Uroloxía e Ciruxía Xeral. Co traslado dun deles (por petición propia) en marzo de 2017, un único especialista continuou atendendo consultas e indicando a cirurxía. Actividade que se continuou desenvolvendo con normalidade desde o 21 de xuño grazas a colaboración do Servizo de Ciruxía Pediátrica de Vigo e o apoio do servizo de Ciruxía Xeral do CHUO. Pese a estas dificultades de persoal, en 2017 realizáronse 131 cirurxías programadas e 7 urxentes, cunha única derivación urxente ao Álvaro Cunqueiro.

Disto podemos concluír que se realizan desde Ourense a práctica totalidade das intervencións precisas, programadas e urxentes, á marxe daquelas que, pola complexidade ou curta idade/peso do paciente, son derivadas ao centro de referencia, por indicación da Sección de Ciruxía pediátrica do CHUO, como xa se viña facendo con anterioridade a 2013, entón ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Ademais, hai que subliñar que se continúa realizando unha intensa procura activa, para contratar a un cirurxián pediátrico máis. Procura de momento sen resultados ante o limitado número a nivel nacional destes especialistas, e a falta deles no mercado de traballo.

Non si, o obxectivo irrenunciable dos responsables da Xerencia de Xestión Integrada do Sergas en Ourense é manter no CHUO este servizo de xeito integral, resolutivo e autónomo, polo que explorará todas aquelas opcións posibles, para continuar evitando o desprazamento dos rapaces de Ourense a outra provincia para ser intervidos.”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 12:10:36



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 24897

Data envío: 01/02/2018 16:21:32.621

Data 01/02/2018 16:21

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14382**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns do procedemento seguido pola Xunta de Galicia para introducir as modificacións que presenta o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á información facilitada polo Conselleiro de Sanidade para dar resposta ás Interpelacións acumuladas números 13965 e 14385 debatidas no Pleno do día 13 de setembro de 2017 e que versaban sobre a mesma materia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 16:21:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14509**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do transporte regular de viaxeiros do concello de Moaña.”**, (publicada no BOPG número 170 do 06 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa primeira fase se puxo en marcha o 8 de agosto, cumpriu cos obxectivos de non deixar Galicia nin un só día sen transporte, garantindo o emprego e mellorando o servizo no rural.

Trátase dun plan vivo e, como tal, aberto á participación e colaboración por parte dos concellos e demais axentes implicados.

Nesta liña de traballo, foron diversos os contactos e acordos da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello de Moaña, dando como resultado a introdución de modificacións dirixidas a unha mellor atención das necesidades dos veciños deste concello nas súas relacións interiores e cara ás principais cidades de referencia, ámbitos nos que se constatou nos propios traballos de planificación que se situaban os principais focos de demanda de mobilidade na zona.

Concretamente, a conexión co Hospital Álvaro Cunqueiro está garantida con dúas liñas: a XG52529 CANGAS E.A.-MEIXOEIRO-HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO; e a XG52502 CANGAS E.A.-HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, que xuntan 12 servizos ao día.

Todas estas melloras, xa implantadas, foron comunicadas, tanto ao Concello como ás persoas usuarias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 14:07:38



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 24896

Data envío: 01/02/2018 16:21:23.356

Data 01/02/2018 16:21

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14912**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á garantía dunha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo en todos os centros do Sergas e os dereitos sexuais e reprodutivos da mulleres do medio rural”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O obxectivo do SERGAS sempre é garantir a calidade asistencial na prestación dos servizos sanitarios cos medios ao seu alcance. No caso das IVES, o SERGAS establece os circuitos asistenciais que garanten o cumprimento da Lei de Interrupción Voluntaria do Embarazo (LO 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo).

Este procedemento, como calquera outro da asistencia sanitaria do SERGAS, está en constante proceso de revisión e avaliación, para mellorar todas aquelas disfuncións que se poidan presentar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 97ee8c82-21e6-d550-96a8-e508664f9574



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 16:21:18





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15184**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego en relación co proceso de deslocalización que se está a producir nas empresas do sector da automoción en Galicia”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A automoción é un dos sectores máis importantes da economía galega, que ten permitido crear 1.350 novos empregos desde 2012, alcanzando a cifra de preto de 20.000 postos de traballo directos o que supera e máis de 45.100 emprego totais, segundo as cifras da Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA). Ademais esta organización cifra os investimentos do sector nos últimos catro anos en 630 millóns de euros co obxectivo de adaptar as súas capacidades de cara ao futuro e reforzar o seu nivel de excelencia, aumentando o investimento en innovación.

Estas datos amosan unha evolución positiva da industria da automoción en Galicia, que actualmente supera os niveis de ocupación e facturación existentes en 2009 grazas a senllos Plan Estratéxicos, que están plenamente integrados na Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 e na Axenda Galicia - Industria 4, e que, polo tanto, apostan por valores como o talento, a calidade ou o I+D+i como principais credenciais para diferenciarse e competir no mercado internacional.

Precisamente, o traballo realizado polas empresas da automoción, con CEAGA, o CTAG e a propia Xunta neste eido - con programas como as unidades mixtas de investigación, o Conecta Peme ou os proxecto Piloto 4.0, entre outros – e o que ten permitido os novos encargos de PSA, K9 e V20, que implican uns investimentos de 3.000 millóns de euros e unha carga de traballo para un mínimo de dez anos.

Desde a Administración galega seguiremos traballando e colaborando estreitamente co sector na consolidación da súa aposta polo futuro, que pasa pola dixitalización, a innovación, a formación e a Industria 4.0., de cara a avanzar na mellora da competitividade das empresas de automoción galegas e seguir creando emprego cualificado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 14:21:12



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15199**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da convocatoria dunha Mesa para a elaboración do novo plan de transporte de Galicia que conte coa participación dos concellos, deputacións, ANPAS, e empresas e sindicatos.”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“De acordo co mandato previsto na Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, o Goberno Galego debe proceder a elaborar e aprobar o Plan de Transporte Público de Galicia, instrumento configurado legalmente para o establecemento da ordenación dos servizos de transporte público regular da competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na Comunidade Autónoma.

O Goberno Galego vai proceder a elaborar o dito instrumento co evidente cumprimento dos mandatos e obxectivos sentados na dita lei. Para tal fin, prevese contar, non só coa participación específica da totalidade dos concellos e do resto de interlocutores e interesados, senón que tamén se prevé a participación directa das persoas usuarias e interesadas en xeral, a través de traballos de campo dirixidos especificamente a obter as súas achegas.

Ademais, a propia participación social e sectorial deberá evolucionar ao longo do proceso de elaboración dos traballos, polo que se prevé contar de xeito constante con mecanismos para facilitar as achegas das partes interesadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:12:44



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2018 09:30  
Nº Rexistro: 25446

Data envío: 06/02/2018 20:04:18.104

Data 06/02/2018 20:04

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 15383**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns de Portos de Galicia para demorar a execución dos convenos asinados co Concello de Poio para o acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó”**, (publicada no BOPG número 174, do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Nos portos de Raxó e Covelo no ano 2011, o entón presidente de Portos de Galicia, presentou un proxecto de mellora integral conxunta cun orzamento de 4 millóns de euros. Este plan incluía humanización de espazos, ampliación de instalacións e ordenación do porto, entre outras actuacións.

O novo contexto económico xurdido en 2012 obrigou a segmentar esta proposta co obxectivo de ir executándoa por fases, paralelamente en Raxó e Covelo. Creouse ademais unha comisión de seguemento co Concello e veciños da zona para establecer as prioridades de actuación.

Esta comisión de seguemento marcou como prioridades a construción dunha pasarela peonil de acceso ao porto de Raxó e a ampliación e humanización da contorna da ponte de Covelo, así como os traballos orientados á mellora da seguridade peonil en nas dúas localidades. En ambos casos as obras están xa executadas (a de Covelo acaba de rematar). Os investimentos foron de de máis de 200.000 euros en cada caso.

A estas actuacións súmanse outras de conservación e mantemento executadas en ambos peiraos como a grúa elevadora de embarcacións ou o paseo por riba da escolleira en Raxó.

En total estamos a falar dun importantísimo investimento no portos de Raxó e Covelo así como nos outros dous peiraos do Concello de Poio, Combarro e Campelo, por importe de arredor de 600.000 euros nun contexto económico de especial dificultade, no que Portos de Galicia mostrou o seu compromiso co Concello de Poio.

Páxina 1 de 2

Un compromiso que segue a quedar de manifesto a día de hoxe cando está a piques de empezar outra das obras máis demandadas polo sector portuario de Poio, como é a dragaxe de Campelo (cun orzamento de 50.000 euros e o inicio de obra previsto para antes de final de ano se a climatoloxía o permite).

Polo tanto, Portos de Galicia está a traballar pola mellora portuaria do conxunto dos peiraos de Poio e de Raxó e Covelo en concreto, onde xa están executadas as dúas actuacións que foron sinaladas polo propio sector e o Concello como prioritarias.

A proposta de máximos presentada en 2011 resultaba altamente ambiciosa e Portos de Galicia está a dar pasos para a súa consecución de xeito progresivo e en función da dispoñibilidade orzamentaria de cada momento. Neste sentido, o ente público está actualmente en contacto directo con Augas de Galicia para a proxección dunha nova actuación demandada pola comisión de seguemento dos Proxectos de Raxó e Covelo: a humanización do bordo portuario de Raxó (que inclúe a definición dunha zona semipeonil, adoquinado e pavimentación da zona)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 20:04:13



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 25024

Data envío: 02/02/2018 14:21:07.371

Data 02/02/2018 14:21

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15566** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a solución prevista pola Xunta de Galicia diante da falta de recoñecemento profesional da titulación de Técnico de Atención a Persoas en Situación de Dependencia”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 7724 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 14:21:02



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 24895

Data envío: 01/02/2018 16:21:13.418

Data 01/02/2018 16:21

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15568**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da xestión levada a cabo pola Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol en relación co servizo de limpeza dos centros hospitalarios”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xerencia Xestión Integrada de Ferrol, actúa de acordo ao establecido na lei de contratos do sector público, Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e demais normativa vixente.

O número de horas anuais totais na adxudicación do 2017 incrementouse con respecto á adxudicación do 2013.

O importe de licitación do 2017 con respecto ao do 2013 tamén se incrementou tal e como se indica na memoria económica do expediente.

Tanto no cadro de persoal e no orzamento inflúen factores como o número de xornadas a realizar anualmente, os índices de absentismo do persoal, as condicións económicas, as superficies reais a limpar.

Con respecto ás melloras presentadas pola actual empresa adxudicataria do contrato derivado do expediente están recollidas no informe técnico accesible no perfil do contratante da páxina web do Sergas .

A modificación do Plan de xestión de residuos intracentro da Xerencia de Xestión Integrada de

CVE-PREPAR: 06d77b33-11f7-13d4-fee2-42423ef050d8

Ferrol resposta a unha revisión, actualización e adaptación á normativa e ás condicións dos centros que a compoñen.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 16:21:08



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2018 12:15  
Nº Rexistro: 25119

Data envío: 05/02/2018 12:15:16.929

Data 05/02/2018 12:14

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 15699**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a data prevista pola Xunta de Galicia para o inicio dos trámites para a construción do Centro de Alta Resolución de Lalín”**, (publicada no BOPG número 174, do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde está realizando un Plan de espazos da atención primaria do concello de Lalín, para acadar un plantexamento de programación dun dispositivo que permita unha atención integral en busca dunha optimización das dotacións e do aseguramento dun futuro sanitario da máxima calidade.

O CAR nunca foi definido e neste momento estamos desenvolvendo modelos diferentes, como o Centro Integrado de Saúde de Lugo, que se adapta mellor ás novas circunstancias, ás novas necesidades dos usuarios do sistema.

Como paso previo á elaboración dun plan de espazos e como paso previo á elaboración dun proxecto arquitectónico estase a traballar polos técnicos do Servizo Galego de Saúde xunto coa EOXI de Santiago nun Plan funcional no que se definan cales son as melloras que se poden executar en Lalín tendo en conta a demanda e as necesidades da poboación de referencia.

Este Plan funcional e de espazos será presentado nos próximos meses.”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 12:14:57





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 24894

Data envío: 01/02/2018 16:21:03.996

Data 01/02/2018 16:20

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15836**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos humanos e económicos necesarios para o desenvolvemento do Plan galego de prevención de suicidios”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Prevención do Suicidio en Galicia aséntase nos principios de eficiencia, corresponsabilización, coordinación interinstitucional e accesibilidade. Para o desenvolvemento das medidas de coordinación, prevención e abordaxe, formación a profesionais e posvención a sobreviventes contase coas partidas orzamentarias designadas ao efecto das retribucións profesionais do capítulo correspondente dos presupostos xerais das comunidades autónomas. As iniciativas dirixidas a aumentar a sensibilización social fronte o suicidio, a investigación e alerta epidemiolóxica desenvolveranse con fondos destinados a actuacións sociosanitarias, se ben non se prevé que exista unha partida orzamentaria específica a tal efecto.

O Plan é unha estratexia permanente e revisable, e o desenvolvemento das medidas realizarase ao longo do período 2017-2020. Unha vez iniciada a súa implantación, e en función dos resultados obtidos, de determinarse necesidades non cubertas nalgún aspecto concreto poderíanse incrementar os recursos destinados ao seu desenvolvemento.

No Plan de Prevención do Suicidio en Galicia prevese a creación da Comisión Interdepartamental de Coordinación para a Prevención e Atención das Condutas Suicidas, que entre as súas funcións terá as de propoñer accións de prevención e actuación, supervisar e garantir unha avaliación continua e emitir informes.

Polo que respecta á formación desenvolveranse cursos destinados a profesionais de atención primaria (médicos e enfermería) centrados en identificación de grupos de risco (maiores,

adolescentes, pacientes con enfermidades físicas dolorosas, adicións) e en técnicas de entrevista específicas para a detección e manexo da conduta suicida.

Durante a implantación do proceso de atención integral a depresión, o persoal de atención primaria terá ferramentas para explorar a existencia de factores de risco asociados a conduta suicida, e en caso positivo, avaliar explicitamente a existencia de ideas, plans ou condutas suicidas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 16:20:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 25196

Data envío: 05/02/2018 15:04:21.088

Data 05/02/2018 15:04

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 15857**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**a valoración do Goberno galego respecto do proceso de apertura ao público da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense**”, (publicada no BOPG número 178, do 20 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O traslado realizouse o 6 de outubro de acordo co operativo previsto, facendo o primeiro traslado dunha unidade de hospitalización de medicina interna, que permitiu testar o funcionamento dos circuitos internos de circulación.

A segunda fase de traslado realizouse con éxito, e sen incidencias o pasado día 27 de outubro, co traslado 150 pacientes dos servizos de Medicina Interna, Neurocirurxía e Neuroloxía, ata ese momento hospitalizados nos edificios Materno Infantil, Santa María Nai e Cristal.

Todos os traslados inclúen ao persoal destes servizos, e procederase a reordenación e/ou incremento de efectivos en distintas unidades, en función do seu novo dimensionamento ou necesidades.

O Plan operativo de traslado gradual, consensuado pola Comisión de Tralados, constituída por representantes da dirección e do persoal de todos os estamentos profesionais e servizos, tanto sanitarios como non sanitarios do centro, ten por obxectivo fundamental o mantemento da actividade e continuidade asistencial do complexo, causando a mínima alteración posible ao conxunto dos pacientes e garantindo, en todo momento, a plena seguridade e confortabilidade dos que se trasladan e do resto dos usuarios.

O equipamento da nova cociña central do Complexo, situada no novo edificio de hospitalización, está en trámites de licitación.

CVE-PREPAR: f6de0652-2731-f981-35e6-8d2b74a61677

Coa ampliación o CHUO gaña en funcionalidade e integración, e aumenta a súa capacidade asistencial e confortabilidade, eliminando definitivamente as habitacións triples, pasando todas elas a dobres e individuais, polo que contará con 116 camas máis, ata chegar a unha capacidade máxima de 930 camas.

O novo edificio de hospitalización consta de **tres plantas de aparcadoiro, unha delas destinada ao uso exclusivo dos traballadores e de carácter gratuíto**, e as restantes de acceso e uso público.”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:04:15



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 24893

Data envío: 01/02/2018 16:20:55.090

Data 01/02/2018 16:20

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16070**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da consignación no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 dos recursos necesarios para a construción do novo centro de saúde de Aldán-O Hío (no concello de Cangas), así como a execución das obras”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde vai realizar un plan de necesidades sanitarias da poboación de Cangas co obxectivo de recabar todos os datos precisos para redactar un documento único no que, ademais, se proxecten os servizos sanitarios no municipio para os próximos 25 anos. A licitación da contratación do servizo para a elaboración dun estudo de necesidades sanitarias da poboación de Cangas e Moaña foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 29 de setembro de 2017, e foi adxudicada mediante Resolución do 20 de decembro de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 16:20:50





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16085**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Sergas respecto do fomento da formación dos profesionais en materia de detección e tratamento do linfedema, así como a actualización dos protocolos existentes”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Primeiramente debemos facer constar que, se ben no texto elaborado polo grupo parlamentario consideran ao linfedema como unha enfermidade rara (ER), cómpre puntualizar que unicamente aqueles primarios (hereditarios ou conxénitos) poden considerarse así, porque o linfedema secundario non pode ser considerado unha ER; o de membro superior é unha das complicacións máis frecuentes do cancro de mama e os seus tratamentos.

O linfedema secundario tamén pode ser debido a unha infección, cancro, cirurxía, formación de tecido cicatricial, traumatismos, tratamentos contra o cancro, etc.

Segundo Orphanet a prevalencia estimada europea do linfedema primario é de 16,5/100.000 habitantes (ou o que é o mesmo 1,65/10.000 habitantes), que sí sería considerada enfermidade rara segundo o Decreto 54/2015, de 12 de marzo, polo que se regulan o procedemento e os efectos da garantía do dereito á segunda opinión médica no Sistema Público de Saúde de Galicia, no que se considera enfermidade rara aquela patoloxía con perigo de morte ou invalidez crónica e baixa prevalenza, entendida como aquela < 5 casos por cada 10.000 habitantes, incluídas as de orixe xenética.

Tendo en conta esta prevalencia, o total de casos que podería haber en Galicia na poboación protexida polo Servizo Galego de Saúde serían un total de 41 persoas afectadas deste tipo de linfedema considerado enfermidade rara.

Os hospitais do Segas contan con Unidades de Linfedema dependentes do Servizo de Rehabilitación dos Complexos Hospitalarios. Ditas unidades contan con Médicos especialistas en

rehabilitación e medicina física e Fisioterapia a tempo completo, especialmente formados nesta disciplina e con ampla experiencia no seu tratamento.

No ano 2010, a Consellería de Sanidade publica *Rehabilitación do linfedema. Revisión e Protocolo*.

Desde estas unidades lévase a cabo o seguimento médico e a aplicación dos diferentes aspectos terapéuticos dos pacientes afectos de Linfedema. Os pacientes son derivados dende diferentes servizos como son Oncoloxía Médica e Radioterápica, Cirurxía Vascular, Xinecoloxía, Cirurxía Xeral e Dixestiva, Dermatoloxía, Atención Primaria.

Os tratamentos realizados nas unidades constan de:

- Terapia Física Combinada
- Coidados da pel
- Drenaxe Linfática Manual
- Cinesiterapia de drenaxe
- Vendaxe Multicapa
- Presoterapia Neumática Secuencial Intermitente
- Drenaxe Linfática Mecánica Ultrasónica: Flowave
- Prescrición e chequeo de Prendas de contención elástica a medida

Os casos e patoloxías nas que se administra tratamento a pacientes con linfedema, son:

- Linfedemas secundarios: principalmente despois de linfadenectomías axilares e inguinais. A maior prevalencia dase no membro superior tras mastectomía.
- Linfedemas primarios principalmente de membros superiores.

O Servizo Galego de Saúde conta con recursos suficientes para o diagnóstico do linfedema, pois baséase fundamentalmente na historia clínica e no exame físico, necesitando en poucas ocasións probas complementarias como linfografía, RM ou TC.

O tratamento estase a levar a cabo nos Servizos de Rehabilitación nas 7 EOXIs, co que o tratamento a estes pacientes está garantido.



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 01/02/2018 16:30  
**Nº Rexistro: 24892**  
Data envío: 01/02/2018 16:20:45.074

O Servizo Galego de Saúde aposta pola formación continuada dos seus profesionais e a ampliación de coñecementos a través de ACIS, a Axencia de Coñecemento en Saúde, organizando anualmente cursos de formación para todos os seus profesionais, orientados ás disciplinas segundo as necesidades detectadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 16:20:40



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16130**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver a situación dos 15 traballadores da anterior concesionaria da liña de autobús entre Ribadeo e Viveiro que deberían ser subrogados pola nova adxudicataria.”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta traballou, desde un primeiro momento, para impedir que a posta en marcha do Plan de transporte público de Galicia derivase nunha situación de desemprego para ningún traballador do sector. Para iso asinou un acordo cos sindicatos con maior representatividade no sector que contén cláusulas de referencia a nivel estatal, que blindan a estabilidade laboral na posta en marcha do Plan de transporte público de Galicia. O compromiso do Goberno galego neste sentido foi total e absoluto; tanto, que incluíu como causa de resolución contractual o incumprimento destas cláusulas sociais.

Cómpre subliñar que, con carácter xeral, o proceso de subrogación de traballadores se ten levado a cabo con normalidade na inmensa maioría dos 41 novos contratos de transporte público, agás o caso que se menciona na iniciativa.

A este respecto, sinalar que a Xunta ten realizado un intenso traballo desde o primeiro día en que se tivo constancia do problema coa subrogación dos traballadores da empresa saínte, Arriva, na entrante UTE Morán-Rodríguez.

Cinco destes traballadores foron contratados pola UTE e están actualmente adscritos ao contrato XG533. No caso dos outros traballadores afectados, a Xunta de Galicia púxose en contacto co INEM e mediou buscando unha vía para que puideran cobrar a prestación por desemprego e puideran estar dados de alta na Seguridade Social mentres non se resolvese o expediente.

O pasado 22 de decembro firmouse un acordo entre a empresa ARRIVA e os sindicatos UGT e CIG, polo que seis dos traballadores foron readmitidos nesta empresa.

A Xunta continuou a traballar na busca dunha solución para os traballadores que resta por contratar. Na reunión da comisión de seguimento do Plan de Transporte Público de Galicia celebrada o 16 de xaneiro, acordouse que a Xunta lle remitirá á empresa adxudicataria do contrato de transporte público da Mariña unha resolución na que se pon de manifesto a súa obrigación de cumprimento da subrogación en relación coas tres persoas que están sen traballar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 14:07:19



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727